



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS
rúa Real nº 29
15404 – Ferrol- A Coruña
Tfno: 981.32.40.25 Fax: 981 37.01.45
www.eoiferrol.org



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE ITALIANO

Curso: 2009/2010

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE FERROL

| Índice | Páxina |
|---|--------|
| | 2 |
| 1. <u>Obxectivos dos diferentes cursos</u> | 8 |
| 1.1 <u>Básico 1</u> | 8 |
| 1.1.1 Comprensión oral..... | 8 |
| 1.1.2 Expresión e interacción oral..... | 8 |
| 1.1.3 Comprensión de lectura..... | 8 |
| 1.1.4 Expresión e interacción escrita..... | 9 |
| 1.2 <u>Básico 2</u> | 9 |
| 1.2.1 Comprensión oral..... | 9 |
| 1.2.2 Expresión e interacción oral..... | 10 |
| 1.2.3 Comprensión de lectura..... | 10 |
| 1.2.4 Expresión e interacción escrita..... | 10 |
| 1.3 <u>Intermedio 1</u> | 11 |
| 1.3.1 Comprensión oral..... | 11 |
| 1.3.2 Expresión e interacción oral..... | 11 |
| 1.3.3 Comprensión de lectura..... | 12 |
| 1.3.4 Expresión e interacción escrita..... | 12 |
| 1.4 <u>Intermedio 2</u> | 12 |
| 1.4.1 Comprensión oral..... | 12 |
| 1.4.2 Expresión e interacción oral..... | 13 |
| 1.4.3 Comprensión de lectura..... | 14 |
| 1.4.4 Expresión e interacción escrita..... | 14 |
| 1.5 <u>Avanzado 1</u> | 14 |
| 1.5.1 Comprensión oral..... | 14 |
| 1.5.2 Expresión e interacción oral..... | 15 |
| 1.5.3 Comprensión de lectura..... | 15 |
| 1.5.4 Expresión e interacción escrita..... | 15 |
| 1.6 <u>Avanzado 2</u> | 16 |
| 1.6.1 Comprensión oral..... | 16 |
| 1.6.2 Expresión e interacción oral..... | 16 |
| 1.6.3 Comprensión de lectura..... | 17 |
| 1.6.4 Expresión e interacción escrita..... | 17 |

| | |
|---|----|
| 2. <u>Secuenciación dos contidos</u> | 18 |
| 2.1 <u>Básico 1</u> | 18 |
| 2.1.1 <u>Competencias comunicativas</u> | 18 |
| 2.1.1.1 <u>Competencias lingüísticas</u> | 18 |
| a. <u>Contidos léxicos-semánticos</u> | 18 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| b. <u>Contidos gramaticais</u> | 19 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| c. <u>Contidos fonéticos e ortográficos</u> | 20 |
| 2.1.1.2 <u>Competencia sociolingüística</u> | 20 |
| 2.1.1.3 <u>Competencias pragmáticas</u> | 20 |
| a. <u>Contidos funcionais</u> | 20 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| b. <u>Contidos discursivos</u> | 21 |
| ▪ <u>Coherencia e cohesión</u> | 21 |
| ▪ <u>Tipoloxía de textos</u> | 22 |
| 2.1.2 <u>Competencia sociocultural</u> | 23 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| 2.1.3 <u>Competencias estratéxicas</u> | 24 |
| 2.1.3.1 <u>Estratexias de aprendizaxe</u> | 24 |
| 2.1.3.2 <u>Estratexias de expresión</u> | 25 |
| 2.1.3.3 <u>Estratexias de comprensión</u> | 26 |
| 2.1.3.4 <u>Estratexias de interacción</u> | 27 |
| 2.1.4 <u>Contidos tratados con material complementario</u> | 27 |
| 2.2 <u>Básico 2</u> | 28 |
| 2.2.1 <u>Competencias comunicativas</u> | 28 |
| 2.2.1.1 <u>Competencias lingüísticas</u> | 28 |
| a. <u>Contidos léxicos-semánticos</u> | 28 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |

| | |
|--|----|
| b. Contidos gramaticais | 29 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| c. Contidos fonéticos e ortográficos | 30 |
| 2.2.1.2 Competencia sociolingüística | 30 |
| 2.2.1.3 Competencias pragmáticas | 31 |
| a. Contidos funcionais | 31 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| b. Contidos discursivos | 32 |
| ▪ Coherencia e cohesión..... | 32 |
| ▪ Tipoloxía de textos..... | 33 |
| 2.2.2 Competencia sociocultural | 34 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| 2.2.3 Competencias estratéxicas | 36 |
| 2.2.4 Contidos tratados con material complementario | 36 |
| 2.3 Intermedio 1 | 36 |
| 2.3.1 Competencias comunicativas | 36 |
| 2.3.1.1 Competencias lingüísticas | 36 |
| a. Contidos léxicos-semánticos | 36 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| Contidos tratados con material complementario | |
| b. Contidos gramaticais | 38 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| Contidos tratados con material complementario | |
| c. Contidos ortográficos | 41 |
| Contidos tratados con material complementario | |
| d. Contidos fonéticos | 41 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| Contidos tratados con material complementario | |
| 2.3.1.2 Competencia sociolingüística | 42 |
| 2.3.1.3 Competencias pragmáticas | 42 |

| | |
|---|----|
| a. Contidos funcionais | 42 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| b. Contidos discursivos | 45 |
| ▪ Coherencia e cohesión..... | 45 |
| ▪ Tipoloxía de textos..... | 46 |
| 2.3.2 Competencia sociocultural | 47 |
| 2.3.3 Competencias estratéxicas | 48 |
| 2.3.3.1 Estratexias de aprendizaxe | 48 |
| Estratexias metacognitivas | |
| Estratexias cognitivas | |
| 2.3.3.2 Estratexias de comunicación | 49 |
| Planificación | |
| Execución, control, reparación | |
| 2.4 Intermedio 2 | 53 |
| 2.4.1 Competencias comunicativas | 53 |
| 2.4.1.1 Competencias lingüísticas | 53 |
| a. Contidos léxicos-semánticos | 53 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| Contidos tratados con material complementario | |
| b. Contidos gramaticais | 54 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| Contidos tratados con material complementario | |
| c. Contidos ortográficos | 56 |
| d. Contidos fonéticos | 56 |
| 2.3.1.2 Competencia sociolingüística | 57 |
| 2.3.1.3 Competencias pragmáticas | 57 |
| a. Contidos funcionais | 57 |
| b. Contidos discursivos | 57 |
| ▪ Coherencia e cohesión..... | 57 |
| ▪ Tipoloxía de textos..... | 58 |
| 2.3.2 Competencia sociocultural | 58 |
| 2.3.3 Competencias estratéxicas | 58 |
| 2.5 Avanzado 1 | 59 |
| 2.5.1 Competencias comunicativas | 59 |

| | |
|---|----|
| 2.5.1.1 <u>Competencias lingüísticas</u> | 59 |
| a. Contidos léxicos-semánticos | 59 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| b. Contidos gramaticais | 60 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| c. Contidos ortográficos | 62 |
| d. Contidos fonéticos | 63 |
| 2.5.1.2 <u>Competencia sociolingüística</u> | 63 |
| 2.5.1.3 <u>Competencias pragmáticas</u> | 64 |
| a. Contidos funcionais | 65 |
| b. Contidos discursivos | 65 |
| ▪ Coherencia textual..... | 66 |
| ▪ Cohesión textual..... | 67 |
| 2.5.2 <u>Competencia sociocultural</u> | 68 |
| 2.5.3 <u>Competencias estratéxicas</u> | 69 |
| 2.5.3.1 Estratexias de aprendizaxe | 69 |
| Estratexias metacognitivas | |
| Estratexias cognitivas | |
| 2.5.3.2 Estratexias de comunicación | 70 |
| Planificación | |
| Execución, control, reparación | |
| 2.5.4 <u>Contidos tratados con material complementario</u> | 73 |
| 2.6 <u>Avanzado 2</u> | 73 |
| 2.6.1 <u>Competencias comunicativas</u> | 73 |
| 2.6.1.1 <u>Competencias lingüísticas</u> | 73 |
| a. Contidos léxicos-semánticos | 73 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| b. Contidos gramaticais | 74 |
| 1º cuatrimestre | |
| 2º cuatrimestre | |
| c. Contidos ortográficos | 76 |
| d. Contidos fonéticos | 76 |
| 2.6.1.2 <u>Competencia sociolingüística</u> | 76 |

| | |
|---|----|
| 2.6.1.3 <u>Competencias pragmáticas</u> | 76 |
| a. Contidos funcionais | 76 |
| b. Contidos discursivos | 77 |
| 2.6.2 <u>Competencia sociocultural</u> | 77 |
| 2.6.3 <u>Competencias estratéxicas</u> | 77 |
| 2.6.4 <u>Contidos tratados con material complementario</u> | 78 |
| 3. <u>Avaliación</u> | 78 |
| 3.1 <u>Criterios de avaliación</u> | 78 |
| 3.1.1 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Básico1..... | 78 |
| 3.1.2 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Básico2..... | 80 |
| 3.1.3 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Intermedio1..... | 83 |
| 3.1.4 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Intermedio2..... | 85 |
| 3.1.5 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Avanzado1..... | 87 |
| 3.1.6 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Avanzado2..... | 90 |
| ...3.2 <u>Procedementos e instrumentos de avaliación</u> | 92 |
| 3.2.1 Cursos non terminais (Básico1, Intermedio1; Avanzado1)..... | 93 |
| 3.2.2 Cursos terminais (Básico2, Intermedio2; Avanzado2)..... | 93 |
| ...3.3 <u>Criterios de cualificación</u> | 94 |
| 3.3.1 Cursos non terminais (Básico1, Intermedio1; Avanzado1)..... | 94 |
| 3.3.2 Cursos terminais (Básico2, Intermedio2; Avanzado2)..... | 95 |
| 4. <u>Orientación metodolóxica</u> | 96 |
| 5. <u>Recursos didácticos</u> | 97 |
| 6. <u>Atención á diversidade</u> | 98 |
| 7. <u>Actividades complementarias</u> | 98 |
| 8. <u>Actividades extraescolares</u> | 98 |
| 9. <u>Valoración e revisión da programación didáctica</u> | 99 |
| 10. <u>Necesidades de formación do profesorado</u> | 99 |
| 11. <u>Bibliografía</u> | 99 |

1. Obxectivos dos diferentes cursos

1.1 Básico 1

1.1.1 Comprensión oral

Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas frecuentes que se refiren ao ámbito persoal sempre que se fale con lentitude e con claridade.

Seguir un texto breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.

Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.

Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

1.1.2 Expresión e interacción oral

Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.

Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo e sobre outras persoas, e expresar gustos, preferencias e intereses sobre temas moi cotiáns.

Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.

Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas sempre que se fale a modo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionando adecuadamente.

Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración do interlocutor para entender e facerse entender.

1.1.3 Comprensión de lectura

Comprender textos que inclúan ou soliciten información persoal básica. Comprender instrucións breves e sinxelas, e indicacións, especialmente se contan con apoio visual.

Comprender mensaxes breves que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.

Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.

Comprender correspondencia persoal moi breve e sinxela.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

1.1.4 Expresión e interacción escrita

Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.

Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.

Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

1.2 Básico 2

1.2.1. Comprensión oral

Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas con que se estea moi familiarizado sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns que se desenvolvan na súa presenza, e identificar un cambio de tema.

Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

1.2.2.Expresión e interacción oral

Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e aos interlocutores.

Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

Descibir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos oíntes se llas repiten e se lle axudan coas respostas.

Expoñer plans e facer hipóteses, de forma breve esinxela, en conversas informais en relación con asuntos cotiáns; e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou suxestións sobre un tema coñecido.

Solicitar a colaboración do interlocutor e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

1.2.3.Comprensión de lectura

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos pouco complexos, en lingua estándar e relacionados con temas da súa experiencia.

Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.

Comprender o sentido xeral e identificar información relevante en textos xornalísticos breves e sinxelos, que describan feitos e acontecementos coñecidos, especialmente se contan con apoio visual.

Comprender textos instrutivos, argumentativos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

1.2.4.Expresión e interacción escrita

Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

Descibir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar feitos e experiencias, así como expoñer plans e presentar proxectos relacionados con temas cotiáns.

Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal e na que se expresen sentimentos, opinións, reaccións e actitudes, ou se solicite ou ofrezca un servizo ou información, nun rexistro axeitado á situación.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

1.3 Intermedio 1

1.3.1. Comprensión oral

Comprender as principais ideas de interaccións prolongadas articuladas con claridade, ben estruturadas e en lingua estándar, nas que se traten temas cotiáns relacionados cos ámbitos persoal e profesional.

Comprender en liñas xerais conferencias e presentacións ben organizadas e expostas con claridade, sobre temas coñecidos e emitidas cunha pronuncia estándar e clara.

Captar as ideas principais e detalles específicos de textos audiovisuais e doutro material gravado sinxelo que traten temas coñecidos ou de interese persoal, articulados con relativa lentitude e claridade.

Comprender información técnica sinxela o suficiente para poder seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

1.3.2. Expresión e interacción oral

Establecer, manter e cerrar adecuadamente contactos sociais e interaccións sinxelas, á cara, sobre temas habituais, de interese persoal e profesional, con eficacia no logro do propósito de comunicación.

Interaccionar con corrección sociolingüística, certa naturalidade e relativa fluidez, en lingua estándar, expresando de form básica reaccións, actitudes e sentimentos, e dando instrucións ou solucións sobre temas cotiáns dos ámbitos persoal e profesional.

Participar espontaneamente en conversas informais sinxelas e habituais, para realizar xestións e transaccións relativas a necesidades inmediatas e situacións de comunicación comúns, con obxectivos concretos.

Intercambiar e contrastar opinións e explicar proxectos sinxelos ou plans, utilizando expresións fixas e estruturas idiomáticas moi frecuentes e un repertorio léxico básico propio do tema da interacción.

Realizar breves exposicións preparadas, con certa fluidez, mantendo o tema con coherencia e cohesión.

Solicitar a cooperación do interlocutor para verificar o logro do propósito comunicativo.

1.3.3. Comprensión de lectura

Identificar e comprender información relevante en material escrito de uso cotián en lingua estándar e ben estruturado, que non presente excesiva complexidade se non está relacionado co seu campo de especialización.

Comprender textos sinxelos sobre acontecementos, sentimentos, argumentos e opinións que traten temas relacionados co seu campo de interese.

Identificar as partes relevantes dun texto ou de varios en busca de información para realizar unha tarefa específica.

Comprender instrucións técnicas sinxelas escritas con claridade e presentadas coa axuda de soporte visual.

Comprender a información xeral e específica de textos auténticos, de extensión variada, sobre temas diversos, coñecidos e sen complexidade, que vehiculen aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua obxecto de estudo.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión mediante claves lingüísticas e non lingüísticas.

1.3.4. Expresión e interacción escrita

Redactar textos sinxelos, coherentes e cohesionados, coidando os aspectos formais e a corrección ortográfica e de puntuación para que sexan comprensibles para o lector.

Escribir textos breves solicitando información e responder transmitindo información sinxela de carácter inmediato ou sobre temas habituais do ámbito profesional.

Escribir textos sinxelos –correspondencia, narracións e descricións–, que conteñan experiencias, sentimentos e acontecementos expresados con detalle.

Escribir informes e resumos breves en formato convencional para describir cuestións coñecidas do ámbito profesional, dando razóns e expoñendo de forma básica opinións, plans e accións.

1.4 Intermedio 2

1.4.1. Comprensión oral

Comprender información concreta en conversas informais relativas a temas cotiáns ou relacionadas co traballo, realizadas cun discurso articulado con claridade, en lingua estándar e a unha velocidade media.

Seguir as ideas principais dun debate longo que trate de temas coñecidos e previsibles, articulado con claridade e nun nivel de lingua estándar que poida conter expresións fixas, locucións e estruturas idiomáticas moi frecuentes.

Comprender suficientemente o contido de conversas formais e reunións de traballo, que versen sobre a súa especialidade e se desenvolvan a unha velocidade normal, estruturadas con claridade e se moitos usos idiomáticos.

Comprender a maior parte das películas e representacións teatrais, programas de TV, textos audiovisuais ou material gravado, nos que se fale articulando con claridade, cun nivel de lingua estándar e unha trama sinxela e predicible, e nos que existan, se é o caso, apoios visuais de carácter redundante.

Comprender información técnica sinxela e seguir indicacións detalladas expostas ordenadamente e a velocidade media.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión mediante o uso de claves lingüísticas e non lingüísticas.

1.4.2.Expresión e interacción oral

Establecer con certa fluidez contactos sociais sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de cortesía, de inicio, mantemento e peche da interacción e expresións fixas e frecuentes, cunha ampla diversidade de funcións lingüísticas.

Desenvolverse en transaccións da vida cotiá, enfrontándose con relativa naturalidade e fluidez a situacións variadas, e dar nelas argumentos ou explicacións de forma básica, eficaz e comprensible.

Expresar puntos de vista con claridade en discusións formais e reunións de traballo, ofrecendo breves razoamentos e expresando opinións de forma básica, eficaz e comprensible.

Realizar con razoable fluidez narracións e descricións sinxelas seguindo unha secuencia lineal de elementos, expoñendo experiencias, feitos, esperanzas, aspiracións e crenzas.

Facer unha presentación breve e preparada sobre un tema do seu interese, coa suficiente claridade como para poder seguilo sen dificultade –aínda que fagan falla aclaracións ou repeticións–, explicando as ideas principais cunha precisión razoable e respondendo adecuadamente a preguntas.

Seguir unha entrevista sinxela estruturada, cun guión establecido con anterioridade, e confirmar nela información, realizar preguntas complementarias ou responder a elas, se son predicibles, tomar a iniciativa de cambio temático ou formularlle comentarios ao interlocutor.

Empregar estratexias de cooperación para contribuír a manter a interacción e asegurar a comprensión.

1.4.3. Comprensión de lectura

Seguir a liña argumental xeral dun texto narrativo ou literario contemporáneo de estrutura sinxela e amplo repertorio léxico, sen usos idiomáticos rexionais ou sociais, aínda que non se entenda na súa totalidade.

Localizar a información necesaria nun texto extenso ou en varios co fin de realizar unha tarefa específica.

Distinguir, en textos informativos, narrativos, argumentativos e descritivos redactados en lingua estándar, as ideas e conclusións principais e recoñecer información específica se o asunto é coñecido.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, mediante claves lingüísticas e non lingüísticas

1.4.4. Expresión e interacción escrita

Redactar textos sinxelos, coherentes e cohesionados, coidando os aspectos formais e a corrección ortográfica e de puntuación para que sexan comprensibles para o lector.

Transmitir e solicitar información e ideas sobre temas tanto abstractos como concretos, explicándose ou preguntando con razoable precisión.

Resumir información de diversas fontes e realizar paráfrases sinxelas de pasaxes breves escritas, empregando as palabras e a ordenación do texto orixinal.

Escribir descrições, narracións, presentacións e cartas persoais sobre experiencias, sentimentos e reaccións, acontecementos e contidos diversos, en textos sinxelos, en lingua estándar, organizados con orde e claridade, cohesionados e con amplitude de vocabulario suficiente para expresarse con eficacia nos temas pertinentes.

Conseguir comunicar as ideas principais que se queren transmitir empregando calquera recurso dispoñible e logrando a comunicación cos medios de que se dispón para expresarse.

1.5 Avanzado 1

1.5.1. Comprensión oral

Comprender as ideas principais de textos dos ámbitos académico, público e profesional dentro da propia área de coñecemento, desenvolvidos en lingua estándar e articulados a velocidade normal, de certa complexidade lingüística e con marcadores discursivos explícitos.

Comprender as ideas principais e as específicas moi relevantes dunha gama ampla de textos audiovisuais emitidos en lingua estándar, con claridade na fala, e sen condicións externas que dificulten a comprensión.

Comprender a maior parte do que se lle di directamente en conversacións e transaccións en lingua estándar e lingüisticamente complexas.

Comprender o esencial de textos orais de carácter instrutivo, mensaxes e avisos detallados, lingüisticamente complexos e emitidos en lingua estándar.

1.5.2.Expresión e interacción oral

Falar en público en intervencións, preparadas previamente, sobre temas xerais ou da súa especialidade, aportando descrições e argumentos, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, e respondendo a preguntas complementarias cun grao de fluidez e espontaneidade que non retraia a intervención dos interlocutores.

Participar en conversas formais e informais, iniciando, mantendo e rematando a interacción adecuadamente, expresando e defendendo con certa precisión as súas opinións, proporcionando explicacións, argumentos e comentarios adecuados, e avaliando propostas alternativas.

Colaborar para lograr un obxectivo, esbozando un asunto ou un problema cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos, especulando sobre causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques.

Participar nunha entrevista con fluidez e naturalidade aportando información complementaria, con pouca axuda ou obténdoa do seu interlocutor malia algúns erros que non interfiren na comunicación.

1.5.3.Comprensión de lectura

Comprender a información específica de textos instrutivos de carácter xeral e riqueza léxica, e sobre temas da propia especialidade que conteñan expresións, estruturas e locucións idiomáticas moi frecuentes no campo de especialización de que se trate, sempre que poida reler ou usar materiais que axuden a realizar unha interpretación correcta.

Ler de forma autónoma informes, textos xornalísticos, literarios e de divulgación científica relativos a temas actuais e nos que os autores adoptan posturas e puntos de vista concretos.

Ler textos relativos á interacción social persoal ou profesional, captando o sentido esencial de xeito que lle permita reaccionar adecuadamente.

Utilizar estratexias variadas que faciliten a comprensión, superando as limitacións dos recursos lingüísticos propios.

1.5.4.Expresión e interacción escrita

Escribir textos de diversa extensión relacionados con temas propios dos ámbitos persoal, público, educativo e profesional, salientando os aspectos importantes e expresando as propias opinións claramente e con razoable precisión.

Escribir textos breves e precisos que conteñan abreviadamente o esencial de textos propios dos ámbitos profesional, público e educativo.

Compoñer textos nos que se razoe a favor ou en contra ofrecendo unha visión panorámica e á vez crítica sobre producións ou eventos dos ámbitos público e profesional.

Escribir textos que transmitan información obxectiva centrándose en comunicar algún coñecemento e mantendo a divulgación da información como intención principal do texto.

1.6 Avanzado 2

1.6.1. Comprensión oral

Comprender monólogos sostidos extensos emitidos en declaracións públicas, conferencias, charlas, informes e outras formas de presentación pública, académica e profesional lingüisticamente complexas.

Comprender unha gama ampla de textos audiovisuais en lingua estándar, aínda que sexan emitidos en condicións físicas que supoñan algunha dificultade para a comprensión, sendo quen de identificar os puntos de vista e as actitudes dos falantes.

Comprender con detalle o que se lle di cara a cara en conversacións e transaccións lingüisticamente complexas, en lingua estándar, mesmo nun contorno ruidoso.

Comprender con detalle declaracións e mensaxes, avisos e textos instrutivos lingüisticamente complexos, en lingua estándar, mesmo con ruído de fondo.

1.6.2. Expresión e interacción oral

Participar en entrevistas de xeito eficaz, con fluidez e naturalidade, tomando a iniciativa e mesmo saíndo das preguntas preparadas, dando respostas interesantes e información complementaria.

Falar en público sobre unha ampla gama de temas xerais ou relacionados coa súa especialidade, con descricións e argumentos desenvolvidos sistematicamente e cadeas argumentais razoadas, poñendo énfase nos aspectos significativos e ofrecendo detalles relevantes que sirvan de apoio á exposición, con claridade, fluidez e certa facilidade de expresión, afastándose espontaneamente, se cumprise, dun texto preparado.

Participar activamente, con fluidez, naturalidade e eficacia en interaccións formais e informais sobre a maioría de temas xerais e da súa profesión defendendo liñas argumentais complexas de xeito convincente, dando suxestións e sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes.

Contribuír ao progreso dun traballo ou dunha negociación expoñendo con claridade, fluidez e espontaneidade unha situación dada e as súas ideas e

propostas sobre ela, desenvolvendo con precisión e eficacia a súa argumentación.

1.6.3.Comprensión de lectura

Comprender con suficiente detalle instruccións extensas e complexas relativas a distintos ámbitos, así como textos legais habituais da súa vida social, sempre que poida reler os apartados difíciles.

Ler de forma autónoma informes, textos xornalísticos, literarios e de divulgación científica aínda que non sexan da súa especialidade, relativos a temas actuais, e comprender información, argumentos, ideas e opinións de fontes especializadas dentro de seu campo de interese.

Ler correspondencia formal e informal relativa a todos os ámbitos da vida social captando a información esencial e os detalles necesarios para poder reaccionar adecuadamente.

Identificar con rapidez o esencial e detalles relevantes en textos de extensión variada e complexos que versen sobre unha ampla serie de temas cos que se estea familiarizado, para realizar con éxito tarefas relativas aos ámbitos tanto persoal e público como en relación coas necesidades específicas de carácter profesional e educativo.

1.6.4.Expresión e interacción escrita

Escribir textos nos que se transmita información e ideas sobre temas, tanto abstractos como concretos, propios dos diferentes ámbitos; se expliquen problemas ou se argumente sobre eles apoiando os puntos de vista con detalles e exemplos adecuados, e con suficiente claridade e adecuación do rexistro.

Escribir informes sobre unha variedade de temas xerais ou relacionados coa propia especialidade nos que se expoñan uns feitos pasados ou previstos, e se emitan consideracións sobre eles, achegando algún tipo de conclusión e recomendación.

Escribir textos que sinteticen información procedente de varias fontes relativas aos ámbitos profesional, público e educativo, axustándose a un formato e rexistro axeitado.

Tomar notas ou elaborar esquemas durante unha explicación, conferencia ou evento que permitan reconstruír a continuidade temática do texto ou suceso orixinal.

2. Secuenciación dos contenidos

2.1 Básico 1

2.1.1 Competencias comunicativas

2.1.1.1 Competencias lingüísticas

a. **Contidos léxicos-semánticos.**

Sinálanse os aspectos que o alumnado debe ser capaz de comprender ou producir dos temas xerais que se indican. O léxico e as estruturas lingüísticas utilizados para desenvolver estes aspectos adecuaranse aos obxectivos que marca cada un dos dous cursos do nivel básico. Os contidos léxico-semánticos deberán adaptarse ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo.

1º cuadrimestre:

Lingua e comunicación:

Saúdos e palabras para expresar cortesía.

Identificación persoal:

Nomes de países cidades e profesións

Números do 1 ao 30

Significados di “essere” e “avere”

Alfabeto italiano

Números do 30 ao 100

As horas

No hotel: tipos de habitacións, servizos

No banco: *valute, cambio, bonifico bancario, conto corrente*

En correos: *valigia, francobollo, pacco, telegramma*

Verbos que indican accións cotías

Partes do día

Días da semana

Expresións co verbo FARE: *fare la spesa, fare colazione*

Adverbios de frecuencia

Tempo libre e ocio:

Lugares de ocio e de lecer

2º cuadrimestre:

Alimentación:

A comida e o restaurante

Tipos de locais e tipos de comidas e bebidas

Adxectivos para falar de bebidas e comidas

O euro

Adverbios de cantidade: *molto, abbastanza;*

Vivenda, fogar e contorna:

Lugares da cidade: Edificios e espacios públicos

Expresións para ubicar no espacio

Algúns verbos de movemento

QUESTO e QUELLO

As cores

b. Contidos gramaticais:

1º cuadrimestre:

Recoñecemento da formas: “tu”(informal) e “Lei” (formal)

Pronomes persoais suxeito

Adxectivos de nacionalidade

Adxectivos demostrativos: QUESTO/QUESTA

Artigo indeterminado: UN/UNA

Presente de indicativo: *essere, abitare, fare, avere,...*

Negación da frase: no

Pronomes interrogativos: *come, dove, che, quanta, chi, perché,...*

Preposicións : *essere* DI, *abito* A, *vivo* IN, *sono qui* PER,..

Conectores: e, o, ma

Uso do “tu” vs “Lei”

Xénero: nomes en –o (albergo), -a (banca), -e (ristorante)

Xénero: adxectivos en –o (caro), en –a (cara), en –e (grande)

Plurais dos nomes en –o, -a,-e:

Plurais dos adxectivos en –o, -a,-e:

Artigos determinados

Presente de indicativo: verbos irregulares de uso frecuente

Negación: non

Preposicións: *alle 5, per una notte*

Preposicións: *dalle 8 alle 10*. Expresar un período de tempo.

Conectores e sinais discursivos: *allora, senta, scusi,...*

Presente de indicativo: Verbos regulares, verbos reflexivos, algúns

verbos irregulares: ANDARE, BERE, DOVERE, FARE, POTERE,

RIMANERE, SAPERE, STARE, USCIRE, VENIRE, VOLERE,...

Preposicións de tempo: DA, A, DA...A, DI + giorno

Adxectivos posesivos

Conectores: E, PRIMA, POI, INVECE, QUANTO, PERCHÉ,...

2º cuadrimestre:

Sintagma nominal: concordancia artigo+nome+adxectivo

Partitivo: DI+artigo

Presente de indicativo: PIACERE con pronomes

Verbos MODAIS: POTERE (pedir algo e pedir algo de forma cortés) e

VOLERE (expresar un desexo)

Introducción ao Imperativo: 2ª persoa plural: *voi*

Preposición CON

Pronome relativo CHE

Conectores: MA, INVECE, ALLORA, PERCHÉ

Imperativo II: *tu, Lei*

Verbo POTERE: presente de indicativo

Introducción ao *Passato Prossimo*

Participio pasado

Verbos transitivos e intransitivos

Preposizione articolate

Conectores: QUINDI

c. Contidos fonéticos e ortográficos:

1º cuadrimestre:

Vocais

Acentuación

Entonación interrogativa e declarativa

Dobles consonantes: **p/b-p/pp** e **b/bb**

Entonación exclamativa

Dobles consonantes: **r/l-r/rr** e **l/ll**.

2º cuadrimestre:

Sons k/g e e "C" e "G"; **kk/gg** e **c/cc** e **g/gg**; <ci>/<ce> e <chi>/<che>

Plural dos nomes en **-co/go**: fichi, albeghi.

2.1.1.2. Competencia sociolingüística

Un enfoque centrado no uso do idioma supón necesariamente a súa dimensión social. Para que a comunicación sexa eficaz, o usuario da lingua non só ten que coñecer os recursos dispoñibles, senón tamén saber utilíalos axeitadamente en cada contexto. Neste sentido, enténdese que a competencia sociolingüística consiste na capacidade do usuario de interpretar e comportarse de forma axeitada en diferentes situacións. As alumnas e os alumnos deben adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado. Entre estas competencias encóntranse o coñecemento, o discernimento e o uso de marcadores lingüísticos de relacións sociais, fórmulas de tratamento, saúdos e normas de cortesía.

Ao final do primeiro curso do nivel básico, as alumnas e os alumnos estarán en condicións de establecer contactos sociais básicos axeitados en contextos da vida cotiá, e relacionados coa utilización de servizos públicos e as relacións persoais utilizando as convencións sociais e as fórmulas de cortesía máis sinxelas e cotiás relativas a saúdos, despedidas e presentacións; e utilizando expresións como «por favor», «grazas», «síntoo moib», etc.

2.1.1.3. Competencias pragmáticas

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento que posúe o alumno ou a alumna dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizar funcións comunicativas.

a. Contidos funcionais.

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e fórmulanse en termos de expresión, pero considérase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas.

1º cuadrimestre: Unidades 1,2,3

Saudar

Preguntar como está unha persoa

Dar as gracias

Presentarse: preguntar e dicir o nome e a nacionalidade, a cidade de orixe, o domicilio e a profesión, a idade.

Presentar a alguén
Comunicarse en clase: *Come si dice... in italiano?*
Pedir algo
Preguntar se existe un servizo
Preguntar canto costa
Preguntar a duración
Pedir a hora
Pedir o cambio
Pedir decir o nome letra a letra: soletrear
Comenzar e concluir unha carta e unha postal
Comunicarse en clase: *Come si scrive...?*
Preguntar e falar sobre accións cotiás
Informarse sobre os plans de alguén
Facer unha proposición
Aceptar unha información
Rexeitar amablemente

2º cuadrimestre: Unidades 4,5

Comportarse nun restaurante en un: pedir, preguntar sobre los platos, pedir que traigan algo, pedir mesa, pedir a conta
Preguntar se algo gusta
Preguntar se se desexa algo
Expresar aprobación
Felicitación, dar os parabens
Facer un brindado
Pedir e dar informacións viarias: pedir e informar de cómo chegar a un sitio, preguntar a distancia e o tempo que leva.
Contar feitos pasados

b. Contidos discursivos

▪ Coherencia e cohesión

Un enfoque centrado no uso do idioma supón considerar o texto como a unidade mínima de comunicación. Para que un texto teña validez, desde o punto de vista comunicativo, debe ser coherente con respecto ao contexto en que se produce e debe presentar unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. O alumnado deberá adquirir, daquela, as competencias discursivas que lle permitan producir e comprender textos tendo presente a súa coherencia e cohesión. Estes recursos entenderanse tanto para a expresión como para a comprensión.

Coherencia

Asociar enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizarlos (fórmulas de cortesía, saúdos, despedidas).

Adaptar formas de tratamento e fórmulas sociais básicas (saúdos, despedidas) á relación social co/coa interlocutor/a.

Seleccionar o léxico e as estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo.

Adaptarse ás características, organización básica e formato dos textos orais e escritos aos que se enfrenta ou que produce, recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar recursos deícticos básicos para garantir a coherencia espazo-temporal.

Cohesión

Utilizar recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito ou oral (dirixirse a alguén, tomar a palabra).

Utilizar os recursos básicos de puntuación seguindo as regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar os patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa.

Manter, de forma incipiente, a concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

Usar conectores básicos para enlazar grupos de palabras.

▪ Tipoloxía de textos

A palabra «texto» está empregada neste currículo no sentido amplo e coas características que lle outorga o MECR: O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso. Este punto inclúe un repertorio de textos orais e escritos. A complexidade de cada un deles deberá ser adaptada aos obxectivos propios do nivel. Dende o Departamento de Italiano queremos engadir que, segundo o obxectivo a alcanzar, cos seus subseguintes contidos, predilexíase o tipo de texto máis conveniente. De todos modos, o alumnado estará en contacto ao longo do curso cunha tipoloxía variada de textos de natureza real, que son susceptibles de ser modificados polas esixencias do primeiro ano de aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Por motivos eminentemente técnicos, os textos que se prestan a presentar unha maior adaptación son os escritos, pero no caso dos orais realizaranse manobras de compensación e de adecuación para que o alumnado estea en contacto con textos orais reais sen se sentir perdido, o que anularía o efecto beneficioso deste tipo de textos no progreso da aprendizaxe por parte do alumnado.

Parte Oral:

Anuncios (instrucións e indicacións).

Contactos sociais.

Conversas á cara.

Transaccións.

Presentacións.

Parte Escrita:

Fichas, formularios e cuestionarios.

Listaxes.

Horarios.

Catálogos, páxinas amarelas, guías e folletos.

Etiquetas.

Billetes e entradas.

Correspondencia persoal (cartas, tarxetas postais, correos electrónicos, telefax, invitacións, felicitacións, tarxetas de visita...).

Anuncios (instrucións e indicacións).

Carteis, letreiros e sinais.

Menús.

Textos literarios moi sinxelos.

Manuais de instrucións.

Notas e mensaxes.

Diccionarios e thesaurus (diccionarios bilingües).

2.1.2 Competencia sociocultural

Dado que as actividades comunicativas se integran dentro dun contexto sociocultural, as alumnas e os alumnos deben adquirir un coñecemento da sociedade, da mentalidade e da cultura dos países e territorios en que se fala o idioma obxecto de estudo. De todos é sabido que a ausencia de competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación. O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. Terán que ser adaptados ás circunstancias socioculturais específicas de cada lingua, e o léxico e as estruturas utilizados para os desenvolver adecuaranse aos obxectivos do nivel básico. Estes contidos deberán considerarse ao elaborar os materiais didácticos. Teranse en conta as seguintes áreas:

A vida cotiá: a distribución do día e a rutina diaria: horarios e hábitos de comida, alimentos asociados; horarios e costumes relacionados co traballo; os ciclos anuais (estacións, festas e vacacións); actividades de lecer, etc.

As convencións sociais e as fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá: comportamento na mesa, felicitacións, invitacións, presentacións, puntualidade, regalos, saúdos e despedidas; tabús, vestuario, etc.

As condicións de vida: condicións da vivenda, condicións laborais (introdución ao mundo laboral, busca de emprego...), sanidade (seguridade social, hábitos de saúde e hixiene...), transporte, sistema educativo, etc.

Os servizos públicos: servizos de comunicación (teléfono, correo...), medios de transporte e tipos de establecementos.

As relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares: relacións familiares, xeracionais e profesionais; relacións entre distintos grupos sociais, relación coas autoridades ou coa Administración, etc.

Valores, crenzas e actitudes: principais festas populares, costumes e tradicións máis frecuentes, celebracións máis significativas e comportamento nelas (p.e., en aniversarios...), principais relixións, etc.

A linguaxe corporal e os sons paralingüísticos: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume, etc.

1º cuadrimestre: Unidades. 1,2,3

Saúdos, formas da cortesía e xestos: darse a man e bicarsi.

Nomes propios máis extendidos.

Aloxamentos turísticos
Horarios dos servizos públicos
Tempo de lecer. Socializar.
Organización familiar

2º cuadrimestre: Unidades.4-5

Gastronomía: costumes e tradicións
Novas tendencias en comer fóra da casa
Algúns platos típicos da cociña italiana
Comidas e festas: Nadal, Noitevella e Semana Santa
Moverse pola cidade
Usar os medios de transporte público
Prazas e rúas en Italia

2.1.3 Competencias extratécnicas

É importante facerlles comprender aos alumnos a importancia de establecelas como base para o futuro desenvolvemento da competencia comunicativa, especialmente no nivel básico, e para que poidan autodirixir consciente e intencionalmente a súa aprendizaxe. Estas estratexias non serán avaliadas directamente, aínda que o maior ou menor grao de aplicación destas inflúa na consecución dos obxectivos. As estratexias que cómpre ter en conta para lle axudar ao alumnado a comprender, aprender ou lembrar nova información son, entre outras:

2.1.3.1. Estratexias de aprendizaxe.

As estratexias de aprendizaxe son maneiras de obter, comprender e reter a nova información na memoria para poder utilizala posteriormente; inclúen tanto a reflexión sobre o que se aprende e a maneira de aprendelo como as nocións, as motivacións ou a organización da aprendizaxe. Algunhas estratexias son:

Establecer de forma clara e realista os propios obxectivos e as necesidades a curto e a longo prazo.

Organizar adecuadamente o tempo persoal para a aprendizaxe da lingua.

Desenvolver o estilo de aprendizaxe que mellor se adapte ás características persoais e ás distintas tarefas e contidos lingüísticos.

Desenvolver e utilizar técnicas de estudo e de traballo adecuadas ás propias capacidades e ás distintas tarefas e contidos lingüísticos obxecto de aprendizaxe.

Organizar e usar axeitadamente o material persoal de aprendizaxe.

Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, utilizando os recursos dispoñibles tanto dentro coma fóra da aula e da escola e buscando ou creando oportunidades para practicar a lingua.

Recoñecer e entender a función dos distintos tipos de actividades así como das diversas funcións do profesor.

Comprender o papel dos erros no proceso de aprendizaxe e aprender deles.

Utilizar a autoavaliación como elemento de mellora do proceso de aprendizaxe.

Usar materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, novas tecnoloxías, etc.).

Tomar notas de palabras clave mentres se escoita ou se le.

Empregar recursos para destacar a información importante dun texto.

Utilizar distintas técnicas de memorización e organización axeitadas ao estilo de aprendizaxe persoal, por exemplo, os mapas conceptuais ou as táboas de clasificación.

Utilizar a linguaxe aprendida a medida que se adquire.

Aproveitar a presenza de nativos ou falantes cun nivel de competencia lingüística máis avanzado para aclarar, verificar ou corrixir.

Tolerar a comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

Valorar e reforzar a motivación como clave do éxito na aprendizaxe.

Solicitar axuda, correccións, aclaracións ou confirmacións.

Participar en actividades de lecer conectadas coa aprendizaxe da lingua.

Saber traballar en equipo, considerando os compañeiros como outra fonte máis de aprendizaxe.

2.1.3.2. Estratexias de expresión.

Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.

Planificar o texto na súa estrutura básica.

Ensaia o texto oral ou escrito (p.e., gravarse, repetir termos en voz alta, empregar regras mnemotécnicas, subliñar...).

Adecuar de forma básica o texto (oral ou escrito) ao destinatario, ao contexto e á canle.

Aproveitar os coñecementos previos (p.e., utilizar a linguaxe da que se sente moi seguro...).

Probar novas expresións e, en xeral, ser capaz de adoptar certos riscos sen bloquear a comunicación.

Utilizar procedementos lingüísticos (p.e., aproximacións e xeneralizacións cun nivel de lingua moi sinxelo, parafrasear, usar a lingua materna ou «estranxeirizar » palabras desta...) ou extralingüísticos (p.e., facer ver aquilo ao que quere referirse sinalándoo co dedo, usar a linguaxe corporal, usar sons onomatopéicos...).

Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos (p.e., no caso de textos orais, analizar a reacción do interlocutor ou da audiencia...).

Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.

2.1.3.3. Estratexias de comprensión

Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para o seu desenvolvemento.

Identificar o tipo de texto adaptando a súa comprensión a esa tipoloxía.

Decidir con antelación prestar especial atención a distintos aspectos do texto oral ou escrito (p.e., comprender o sentido xeral, procurar información específica...).

Predicir e facer hipóteses do contido do texto baseándose nos seus coñecementos do tema e no contexto.

Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos do nivel.

Identificar o contexto e os coñecementos adecuados a ese contexto.

Establecer expectativas ou facer hipóteses respecto á organización e ao contido do texto.

Deducir e inferir do contexto o significado probable das palabras ou frases que descoñece.

Identificar o tema e a idea principal dun texto.

No caso de textos escritos, utilizar ferramentas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.

Tratar de lembrar as palabras ou estruturas novas aprendidas.

2.1.3.4. Estratexias de interacción.

Preparar ou planificar o posible desenvolvemento do intercambio tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.

Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou acabar unha conversa breve e para pedir que lle presten atención.

Resolver de forma básica dúbidas ou bloqueos na comunicación, gañando tempo para pensar.

Cooperar co interlocutor para facilitar a comprensión mutua, pedindo ou facilitando axuda ou aclaracións cando sexa preciso.

Efectuar, de forma básica, as repeticións, aclaracións e correccións necesarias para compensar as dificultades, rupturas e malentendidos na comunicación.

Valorar se se comunicou ou non o que se desexaba.

2.1.4 Contidos tratados con material complementario

Todos os contidos presentes no curriculum de nivel básico que non aparecen na secuenciación detallada do libro de texto anteriormente exposta, serán vistos con materiais complementarios e de apoio. No apartado correspondente desta programación didáctica se elencarán ditos materiais. Non obstante, facemos un apartado específico para os seguintes contidos:

Fonéticos e ortográficos (introdución no 1º cuadrimestre e insistencia sobre este argumento ao longo de todo o curso pero non de modo illado):

Sistema de escritura: o alfabeto.

Representación gráfica de fonemas e sons.

Correspondencias unívocas. Dígrafos e trígrafos.

Ortografía das palabras estranxeiras.

Uso das maiúsculas no inicio da oración e nos nomes propios.

Signos ortográficos.

Acento (grave e agudo) e apóstrofo.

División de vogais e consoantes individuais e das súas combinacións máis elementais.

División silábica de palabras.

Sílabas abertas e cerradas; sílabas que rematan en vogal ou en consoante.

División de palabras no final da liña. Estrutura silábica.

Contidos fonéticos (introdución no 1º cuadrimestre e insistencia sobre este argumento ao longo de todo o curso pero non de modo illado):

Sons e fonemas vocálicos.

Monotongos anteriores, centrais e posteriores.

Semivogais anteriores e posteriores.
Ditongos, tritongos e hiatos.
Sons e fonemas consonánticos.
Sistema consonántico.
Secuencias de dúas e tres consoantes. Intensas ou xeminadas.
Acento dos elementos léxicos illados.
Acento e a tonicidade: patróns tonais no sintagma.

2.2 Básico 2

2.2.1 Competencias comunicativas

2.2.1.1 Competencias lingüísticas

a. Contidos léxicos-semánticos

Sinálense os aspectos que o alumnado debe ser capaz de comprender ou producir dos temas xerais que se indican. O léxico e as estruturas lingüísticas utilizados para desenvolver estes aspectos adecuaranse aos obxectivos que marca cada un dos dous cursos do nivel básico. Os contidos léxico-semánticos deberán adaptarse ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo.

1ª Cuadrimestre:

Unidade 6:

Viaxes e trasportes:

As viaxes: medios de transporte, aloxamentos, lugares de vacacións.

Clima, condicións atmosféricas e ambiente:

Os meses e as estacións.

O tempo atmosférico

Tempo libre e ocio:

Actividades de vacacións e do tempo libre.

A equipaxe

Algunhas expresións de tempo.

Unidade 7:

Compras e actividades comerciais:

Tipos de tendas e de mercancías

Cantidades

Tipos de envases.

Prendas de vestir e algúns accesorios

Adxectivos para describir roupa, calzado e complementos

Tecidos e deseños.

Unidade 8:

Relacións humanas e sociais:

Nomes de parentesco.

Adxectivos para describir o aspecto físico e da personalidade.

Tipos de estudos, asignaturas e notas

Algúns prefixos de negación: *im- paziente*.

2º cuadrimestre:

Unidade 9:

Vivenda, fogar e contorna:

Partes da casa. Mobles e obxectos da casa.

Formas e materiais

Nomes compostos: VERBO+ NOME

Números do 1000 a un 1000000

Unidade 10:

Saúde e coidados físicos:

Enfermidades e afeccións

Tratamentos e medicamentos.

Partes do corpo.

Algúns verbos de movemento: *SDRAIARSI, ALZARSI, SALTELLARE.*

Expresións con AVERE: *avere fame, sete, sonno, freddo, caldo.*

Expresións con ESSERE: *essere contento, arrabbiato, triste, stanco.*

Adverbios de tempo: PRIMA, DOPO, DURANTE.

b. Contidos gramaticais:

1º cuadrimestre:

Unidade 6:

Pretérito perfecto simple: elección do auxiliar

Algúns participios pasados irregulares

Posición dos adverbios: *già, mai, sempre, ancora* con o “passato prossimo”

Pronotes de 3º persoa singular: LO, LA, LI, LE

“Si” impersonale

Preposicións de lugar: A, IN, DA, PER.

Conectores: SE

Unidade 7:

Pronomes: Personales indirectos (3ª persoa singular e plural)

Partitivo NE: *Quanto ne vuole? Ne voglio due chili.*

Posesivos: Síntese.

Comparativos regulares de SUPERIORIDADE (PIÙ), INFERIORIDADE (MENO) e IGUALDADE (COME)

Futuro simple con valor epistémico: para facer suposicións no presente
Che ore saranno?.

Preposicións locativas IN/A con nomes de establecementos comerciais e DA con nomes de vendedores e comerciantes.

Preposicións DI/IN cos materiais: *di/in lana* e A para deseño: *a righe.*

Unidade 8:

Os adxectivos posesivos cos nomes de parentesco: *Mia madre, i miei cugini.*

Imperfectos para describir lugares e persoas e costumes no pasado.

Pronomes directos e indirectos: Síntese.

Concordancia do participio pasado cos pronomes.

Preposicións: DI: *un fratello di 16 anni*; PER: *Ho vissuto in Italia per 6 anni*.

Conectores: *anche se*.

2º cuadrimestre.

Unidade 9:

Futuro simple: algúns usos. Algúns verbos irregulares: *sarà, avrò, farò, starò, potrò, vedrò*.

Imperfecto para accións no seu desenvolvemento.

Preposicións e expresións de lugar: **DAVANTI, VICINO A, SU, SOPRA**.

Conectores causales: **PERCHÉ, SICCOME**.

Unidade 10:

Posición dos pronomes con imperativo e con infinitivo.

Oposición entre *pretérito perfecto simple* e *imperfecto*.

Algúns pronomes e adxectivos indefinidos: **NIENTE, NESSUNO, QUALCOSA, QUALCUNO, QUALCHE, ALCUNI**.

Conectores: MENTRE.

c. Contidos fonéticos e ortográficos:

1º cuadrimestre:

Unidade 6:

Sons *sce* e *sci*: *sciare/baciare*: **sci; sce/sca, sco, scu, schi, sche**.

Repaso.

Unidade 7:

Sons: **V/b**: *valigia/braccialetto*; **V/VV** e **b/BB**; **t/d**: *tabaccheria/vedura*; **t/tt** e **d/dd**.

Unidade 8:

Sons **l/gl**: *filo/figlio*

Énfase

Sons **l/ll/gli**

2º cuadrimestre:

Unidade 9:

Sons **gn/n** *bagno/nano*

Sons **m/n** *metro/naso*

Sons **n/m; n/nn; m/mm; n/gn**

Unità 10:

Sons **j/w**. *infermiere/uomo*

Diptongos: **au, ia, ai, io, oi, uo, eu**.

Sons **f/v**: *fiore/vaso*.

2.2.1.2. Competencia sociolingüística

A competencia sociolingüística consiste na capacidade do usuario de interpretar e comportarse de forma axeitada en diferentes situacións. As alumnas e os alumnos deben adquirir as competencias sociolingüísticas que

lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado. Entre estas competencias encóntranse o coñecemento, o discernimento e o uso de marcadores lingüísticos de relacións sociais, fórmulas de tratamento, saúdos e normas de cortesía. Ao final do segundo curso do nivel básico, as alumnas e os alumnos estarán en condicións de:

Desenvolverse axeitadamente en intercambios sociais moi breves no ámbito das relacións persoais, utilizando fórmulas cotiás de saúdo e tratamento, e amosarán de maneira adecuada a linguaxe corporal que corresponda.

Realizar invitacións, suxestións, pedir desculpas e responder a elas.

Realizar funcións básicas da lingua como intercambiar e demandar información e responder a ela, ou expresar opinións e actitudes de xeito sinxelo en contextos relacionados coas condicións de vida.

Desenvolverse nas relacións sociais de modo sinxelo pero con eficacia: utilizando as expresións máis sinxelas e correntes, seguindo fórmulas básicas, coñecendo as correspondentes convencións sociais, sabendo tomar a palabra, etc.

2.2.1.3. Competencias pragmáticas.

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento que posúe o alumno ou a alumna dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizar funcións comunicativas.

a. Contidos funcionais.

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e formúlanse en termos de expresión, pero considérase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas.

Control da comunicación:

Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.

Información xeral:

Describir persoas, obxectos e lugares. Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.

Opinións e valoracións:

Valorar un feito. Xustificar unha opinión ou unha actividade. Preguntar e expresar coñecemento ou descoñecemento.

Usos sociais da lingua:

Iniciar e concluír unha conversa telefónica.

Información xeral:

Expoñer proxectos e formular hipóteses.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:

Expresar estados de ánimo.

Petición de instrucións e suxestións:

Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos. Suxerir unha actividade.

1º cuadrimestre:

Unidade 6:

Pedir e dar informacións sobre os medios de transporte.

Falar de viaxes e das vacacións: decir onde nos gustaría ir. Dar consellos. Falar dos medios de transporte, duración e aloxamento.

Falar do tempo meteorolóxico.

Unidade 7:

Comportarse en un establecemento comercial: decir que cousa desexamos. Preguntar se teñen algo en concreto. Preguntar canto costa. Preguntar ou decir canto pesa unha cousa. Preguntar ou decir a cantidade. Preguntar ou decir unha talla. Pedir outra talla. Decir que unha prenda non nos vai ben. Preguntar a un cliente que desexa.

Informarse ou dar informacións sobre un aspecto.

Saudar: falar por teléfono.

Unidade 8:

Describir graos de parentesco.

Describir o aspecto físico e aspectos da personalidade.

Describir os estudos realizados.

Felicitar: *Buon Natale!*

2º cuadrimestre:

Unidade 9:

Expresar a intención de facer algo. Facer proxectos.

Expresar dúbidas

Facer promesas

Facer previsións

Facer suposicións

Pedir ou dar informacións sobre unha casa que se vende ou aluga

Pedir e dar informacións sobre as dimensións, a forma e os materiais dos obxectos da casa.

Pedir e dar o permiso de entrar.

Unidade 10:

Preguntar e decir como nos sentimos

Falar da saúde propia: *mi sento male; mi sono fatto male.*

Pedir e dar consellos sobre a saúde.

b. Contidos discursivos.

▪ Coherencia e cohesión.

Un enfoque centrado no uso do idioma supón considerar o texto como a unidade mínima de comunicación. Para que un texto teña validez, desde o punto de vista comunicativo, debe ser coherente con respecto ao contexto en que se produce e debe presentar unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. O alumnado deberá adquirir, daquela, as competencias discursivas que lle permitan producir e comprender textos tendo presente a súa coherencia e cohesión. Estes recursos entenderanse tanto para a expresión como para a comprensión.

Coherencia.

Seleccionar o léxico e as estruturas adecuadas, e ofrecer información suficiente e relevante para acadar o propósito comunicativo.

Adaptarse ás características, á organización básica e ao formato dos textos orais e escritos aos que se enfronta ou que produce, recollidos no epígrafe Tipoloxía de textos.

Recoñecer e usar un rexistro básico formal ou informal -dentro do estándar- de acordo co grao de familiaridade co interlocutor (tratamentos, xestos e actitudes).

Organizar a información aínda que sexa de modo lineal, de forma coherente e unitaria, evitando contradicións e repeticións.

Cohesión:

Utilizar formulas adecuadas e sinxelas para cambiar de tema ou continuar con el.

Utilizar recursos sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto escrito ou oral.

Utilizar recursos simples para evitar repeticións innecesarias.

Utilizar os recursos básicos de puntuación seguindo as regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar os patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa.

Usar elementos deícticos para referirse a conceptos citados anteriormente.

Usar os conectores máis frecuentes para enlazar oracións.

Utilizar as concordancias necesarias para que haxa continuidade nas ideas expresadas.

Cohesionar o texto, retomando a información, con recursos sinxelos.

▪ Tipoloxía de textos.

A palabra «texto» está empregada neste currículo no sentido amplo e coas características que lle outorga o MECR: O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso. Este punto inclúe un repertorio de textos orais e escritos. A complexidade de cada un deles deberá ser adaptada aos obxectivos propios do nivel.

Parte Oral:

Horarios.

Entrevistas.

Menús .

Partes informativos.

Conversas á cara .

Contos, historias e anécdotas .

Presentacións .

Mensaxes.

Anuncios (instrucións e indicacións).

Avisos.
Transaccións e xestións.
Partes meteorolóxicos.
Exposición e presentación pública.
Conversas telefónicas e mensaxes gravadas.

Parte Escrita:

Fichas, formularios, cuestionarios e enquisas.
Listaxes.
Horarios.
Correspondencia persoal (cartas, tarxetas postais, correos electrónicos, telefax, invitacións, felicitacións, tarxetas de visita...)
Anuncios (instrucións e indicacións).
Carteis, letreiros e sinais.
Textos xornalísticos (noticias, ofertas de traballo...)
Textos literarios sinxelos.
Notas e mensaxes.
Axendas e diarios.
Tiras cómicas.
Folletos.
Receitas de cociña.
Horóscopos.
Programacións de radio e de televisión.
Carteleiras de espectáculos.
Catálogos, páxinas amarelas, guías e folletos.
Etiquetas de produtos e embalaxes.
Billetes e entradas.
Correspondencia formal.
Anuncios (instrucións e indicacións).
Notas e mensaxes.
Menús.
Textos xornalísticos: ofertas de traballo
Currículos.
Manuais de instrucións.
Notas e mensaxes.

2.2.2 Competencia sociocultural

Dado que as actividades comunicativas se integran dentro dun contexto sociocultural, as alumnas e os alumnos deben adquirir un coñecemento da sociedade, da mentalidade e da cultura dos países e territorios en que se fala o idioma obxecto de estudo. De todos é sabido que a ausencia de competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación. O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. Terán que ser adaptados ás circunstancias socioculturais específicas de cada lingua, e o léxico e as estruturas utilizados para os desenvolver adecuaranse aos obxectivos do nivel básico. Estes contidos deberán considerarse ao elaborar os materiais didácticos. Teranse en conta as seguintes áreas:

A vida cotiá: a distribución do día e a rutina diaria: horarios e hábitos de comida, alimentos asociados; horarios e costumes relacionados co traballo; os ciclos anuais (estacións, festas e vacacións); actividades de lecer, etc.

As convencións sociais e as fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá: comportamento na mesa, felicitacións, invitacións, presentacións, puntualidade, regalos, saúdos e despedidas; tabús, vestiario, etc.

As condicións de vida: condicións da vivenda, condicións laborais (introdución ao mundo laboral, busca de emprego...), sanidade (seguridade social, hábitos de saúde e hixiene...), transporte, sistema educativo, etc.

Os servizos públicos: servizos de comunicación (teléfono, correo...), medios de transporte e tipos de establecementos.

As relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares: relacións familiares, xeracionais e profesionais; relacións entre distintos grupos sociais, relación coas autoridades ou coa Administración, etc.

Valores, crenzas e actitudes: principais festas populares, costumes e tradicións máis frecuentes, celebracións máis significativas e comportamento nelas (p.e., en aniversarios...), principais relixións, etc.

A linguaxe corporal e os sons paralingüísticos: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual; calidade de voz, ton, volume, etc.

1º cuadrimestre:

Unidade 6:

As vacacións: hábitos dos italianos.

Algunhas localidades turísticas: *la Toscana, Venezia*.

Unidade 7:

Festas, tradicións e regalos típicos: Nadal e Aninovo.

Horarios de apertura e peche dos establecementos comerciais.

Establecementos comerciais e mercancías.

Costumes nas compras.

Unidade 8:

Celebracións familiares: nacemento, boda, licenciarse.

Tradicións dos casamentos en Italia.

Tendencia nas familias en Italia: separacións, natalidade, roles, “familia lunga”.

Sistema educativo italiano.

2º cuadrimestre

Unidade 9:

Tipos de casa: casas en propiedade, segunda casa.

Decoración e coidado da casa

Obxectos típicos das casas italianas.

Unidade 10:

Tratamentos médicos: as medicinas alternativas.

Italia e o tabaco.
Médico de familia.

2.2.3 Competencias extratécnicas

É importante facerlles comprender aos alumnos a importancia de establecelas como base para o futuro desenvolvemento da competencia comunicativa, especialmente no nivel básico, e para que poidan autodirixir consciente e intencionalmente a súa aprendizaxe. Estas estratexias non serán avaliadas directamente, aínda que o maior ou menor grao de aplicación destas inflúa na consecución dos obxectivos. As estratexias que cómpre ter en conta para lle axudar ao alumnado a comprender, aprender ou lembrar nova información son as mesmas da secuenciación de Básico 1.

2.2.4 Contidos tratados con material complementario

Todos os contidos presentes no curriculum de nivel básico que non aparecen na secuenciación detallada do libro de texto anteriormente exposta, serán vistos con materiais complementarios e de apoio. No apartado correspondente desta programación didáctica se elencarán ditos materiais.

2.3 Intermedio 1.....

2.3.1 Competencias comunicativas.....

2.3.1.1 Competencias lingüísticas.....

a. Contidos léxico-semánticos

Sínálanse os aspectos que o alumno debe ser capaz de comprender ou producir dos temas xerais que se indican. O léxico e as estruturas lingüísticas utilizados para desenvolver estes aspectos adecuaranse aos obxectivos dos cursos intermedio 1 e intermedio 2. Os contidos léxico-semánticos deberán adaptarse ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo. Estes contidos, presentados nunha listaxe única, serán desenvolvidos ao longo de todo o nivel intermedio.

1º caudrimestre

Unidade 1:

Aprender unha lingua: os termos gramaticais (*congiunzione, desinenza, ausiliari...*);

A comunicación na aula (*Che cosa vuol dire...?*);

Inscribirse nun curso: *durata, alloggio, corso intensivo, scadenza;*

Falar de si mesmo. Gustos e hábitos: *detesto andare a teatro*

Profesións; *sapere e conoscere*

Unidade 2:

O léxico relacionado coa crónica (*incidente, truffa, furto, arresto, ferire...*) e acontecementos do momento;

Descrición das persoas (descrición física e da personalidade: calidades e defectos: *comprensivo, generoso, pigro, idealista...*);
Sentimentos e emocións (*mi fa paura, sono arrabbiato, mi mette allegria...*);
A seguridade pública: policía e afíns (*carabinieri, vigili urbani, pompieri, guardia di finanza*);
Metáforas máis comúns con animais (*dormire come un ghiro, essere un pesce fuor d'acqua...*);
Metáforas para expresar os sentimentos (*sono al settimo cielo*).

Unidade 3

Deporte e actividades de lecer (*andare a cavallo, arrampicarsi su roccia*);
A montaña (*cima, ruscello, sentiero, ghiacciaio*);
O mar (*baia, spiaggia, scogli, porto*);
Os complexos turísticos: *alta/bassa stagione, pineta, tenda*;
Diminutivos en *-ino, -etto* (*localino, casetta*);
Adxectivos en *-abile / -ibile* (*indimenticabile*);
Falar das condicións atmosféricas: *temporale, nuvoloso, miglioramento...*
Léxico relacionado co tráfico (*coda, corsia, casello, bivio...*) e cos medios de transporte;
Nomes en *-accio, -one* (*tempaccio, omone*);
Prefixos negativos: *in-, dis-, s-* (*inutile, disonesto, sgonfio*).

2º caudrimestre

Unidade 4

Profundizar o léxico relacionado coas actividades de lecer (*concerto, mostra, tifare*) e co cinema (*colonna sonora, film d'azione*);
Langaxe xuvenil. Palabras como *strabello, cazzate, figo*; langaxe dos SMS;
Palabras de procedencia estanxeira: *e-mail, teenager, serial*;
Adxectivos en *-ale, -ile, -oso* (*mortale, signorile, pauroso*);
nomes de lugar en *-eria, -teca* (*birreria, videoteca*).

Unidade 5

Profesións (continuación). Léxico relacionado co traballo (nomes masculinos e femininos en *-ista, -tore, -aio, -iere*: *giocatore, fiorista, giornalista, infermiere*); anuncios de traballo (*retribuzione, automunito, contratto*);
Adxectivos relacionados coa personalidade (*preciso, incapace, impreparato*), nomi in *-ità* (*flessibilità, manualità, professionalità*); nomes acabados en *-ezza, -anza/-anza* (*chiarezza, arroganza*);
cartas formais e fórmulas de abertura e de despedida (*Spettabile, cordiali saluti*); expresións propias das cartas formais (*con riferimento, in attesa*);
léxico relacionado coa oficina e o ordenador (*schermo, tastiera, pinzatrice...*).

Contidos tratados con material complementario:

Vivenda, fogar e contorno: Tipos de vivenda. Descrición da vivenda.
Localización da casa (periferia, barrio, medio rural, etc.)

Ciencia e tecnoloxía: tecnoloxías da información e da comunicación.
Instrucións de aparellos de uso cotián.

Ambiente: cualificativos para o ambiente. Partes da cidade. Flora e fauna. Problemas ambientais.

b. Contidos gramaticais

Cómpre sinalar que estes contidos serán obxecto de repaso e afondamento no curso Intermedio 2.

1º caudrimestre

Unidade 1

Verbos: revisión e afondamento das formas e das funcións dos tempos seguintes: presente de indicativo; indicativo imperfecto e pretérito perfecto composto;

Pronomes reflexivos directos e indirectos (revisión);

O núcleo nominal: concordancia entre artigo, nome e adxectivo (revisión);

Revisión das preposicións con artigo;

Preposicións locativas;

Pretérito perfecto composto: escolla do auxiliar con verbos como *finire*, *aumentare...* e cos verbos *dovere*, *volere*, *potere*;

Participios irregulares;

Formas e usos do indicativo imperfecto (revisión);

Conectores: *ma*, *perché*, *così*, *se*, *mentre*, *siccome*.

Unidade 2

Oposición funcional entre indicativo imperfecto e pretérito perfecto composto;

indicativo imperfecto e pretérito perfecto composto cos verbos *volere*, *dovere*, *potere* (*volevo comprare una bici ma ho comprato...*);

Pretérito pluscuamperfecto;

Pronome *ci* (*se ci tieni*, *ci devi provare*);

Recoñecemento da forma e estrutura do pasivo;

Perífrases durativas: *sta leggendo*; habituais: *è solito leggere*; incoativas: *sta per piangere*, terminativas: *ha smesso di fumare*;

Adverbios acabados en *-mente* (*lentamente*, *facilmente*);

Preposicións temporais: *tra*, *da per*, *due minuti fa*, *a*;

Conectores: *infatti*, *intanto*, *tuttavia*, *poi*, *anche*.

Unidade 3

Formas e uso do condicional simple;

Imperativo, revisión (*tu*, *voi*, *Lei*);

Pronome *ne*, revisión e afondamento: uso partitivo (*ne ho letti due*) e substitución de *di* + nome (*ha scritto un libro ma non ne parla*);

Ci e *ne*;

Adxectivo e pronome demonstrativo *quello*;

Futuro e condicional;

As formas do adxectivo *bello*;

Preposicións simples e con artigo: repaso;

Conectores: *anzi*, *invece di*, *piuttosto che*.

2º caudrimestre

Unidade 4

Grados do adxectivo: comparativos regulares (revisión) e irregulares (*migliore / peggiore, maggiore / minore, superiore / inferiore*); segundo término da comparación con *di* e *che*;

Superlativo relativo e absoluto;

Pronomes persoais combinados de 1a e 2a;

Participio pasado: concordancia cos pronomes (revisión);

Pronomes relativos *che* e *chi*;

Indicativo imperfecto, pretérito perfecto composto e pretérito pluscuamperfecto;

Preposicións en dependencia de verbos: *ø, di, a* (*voglio ø, cerco di, riesco a*);

Conectores: *sia...sia /che, né...né*.

Unidade 5

Pronomes relativos *che, cui, chi*;

Pronomes relativos *il/la quale, i/le quali*;

Pronomes combinados de 3a persoa;

Pronomes directos, indirectos e combinados (revisión e afondamento);

Pronome *La* vs. *Le*;

Xerundio con valor temporal, causal, concesivo (*pur conoscendo*);

Uso do subxuntivo presente de *essere* e *avere* para expresar opinión, incertitude, desexos: *credo che, mi sembra che, spero che*;

Uso e formas do imperativo (*tu* e *Lei*)cos pronomes (revisión e afondamento);

Preposicións en dependencia de verbos (*cerco di, riesco a, chiedere di...*);

Conectores: afundamento (*siccome, anche se, mentre, poiché, quando...*).

Contidos tratados con material complementario:

1º caudrimestre

Oración composta:

Concordancia dos tempos verbais: introdución á *consecutio temporum et modorum*: concordancias cos tempos do indicativo; algunhas concordancias entre os tempos do indicativo e subxuntivo.

Nome:

O xénero do nome (afondamento): flexión irregular (*studente/studentessa, attore/attrice, fratello/sorella, il/la pianista...*); disimetrías co castelán: *il miele, la guardia...*

Pronomes:

Persoais: *Me, te* en función de suxeito: *Beato te!, Fai come me, io e te*.
Combinación de pronomes e a súa colocación enclítica ou proclítica.

Adxectivos:

Modificación mediante sintagma nominal: *grigio perla*; adxectivo: *grigio scuro*;

Verbos:

Verbos unipersoais: *piovere, nevicare, grandinare*.

Verbos pronominais: *farcela, andarsene, cavarsela...*

O pretérito perfecto simple, formas e usos.

Expresión do futuro: presente, futuro simple, condicional.

Voz pasiva co auxiliar *venire*.

Modificación do núcleo mediante a negación *mica*: *Non voglio mica; Mica lo so.*

Posición dos elementos do sintagma: dislocacións á esquerda: *È stato lui a fare questo*. Dislocacións á dereita: *Lo gradisci, un caffè?*

Adverbios:

Revisión e afundamento dos adverbios de cantidade, modo, opinión e dúbida (*forse, magari, certo, veramente*), de orde (*prima, dopo, poi, di seguito*), exclamativos (*che!, come!, quanto!...*); Grao comparativo e superlativo: *spessissimo, benissimo, molto male, il più presto possibile*.

Formas sintéticas do comparativo e diferentes opcións para o superlativo de adverbios moi frecuentes: *bene, meglio, ottimamente/benissimo, male, peggio, pessimamente/malissimo; molto più/moltissimo; poco, meno, pochissimo*.

Preposicións:

Preposicións polisilábicas que levan a preposición *di* co pronome persoal tónico: *senza di te, dopo di te, sotto di noi, dentro di me...*

Di co pronome indefinido: indefinido + *di*+ adxectivo, *niente di bello, qualcosa di interessante*.

2º caudrimestre

Oración composta:

Período hipotético da realidade (tipo I): *Se posso, lo faccio; Se potrò, lo farò.*

Período hipotético da posibilidade (tipo II): *Se potessi, lo farei.*

Concecutio temporum: continuación.

Nome:

Flexión irregular: *braccio/braccia, ala/ali, uomo/uomini*, etc.

Pronomes.

Posesivos: Outras formas: *proprio, altrui*.

Demostrativos: con oposición de xénero e número (*stesso*) e forma invariable (*ciò*).

Indefinidos: pronomes e adxectivos con oposición de xénero e número (*altro, nessuno, qualcuno, parecchio, diverso, alcuno*); con oposición de xénero (*ognuno/a, qualcuno/a, ciascuno/a, uno/a, certi/e*); con oposición de número (*tale*); sen oposición de xénero e número (*chiunque*).

Verbos:

Verbos pseudoimpersoais: *parere, costare, piacere...*

Verbos defectivos: *solere, bisognare, capitare...*

O pretérito perfecto simple;

Condicional composto, formas e usos.

O subxuntivo.

Adverbios:

De reforzo da afirmación e da negación: *affatto, mica, assolutamente, proprio, nemmeno, neppure, neanche*; de afirmación *si, certo, certamente, senz'altro, effettivamente*.

Locucións adverbiais de lugar (*a destra, a sinistra, di fianco, di fronte, in fondo a, ovunque, dappertutto*) e modo (*così così, all'improvviso, di nascosto...*).

c. Contidos ortográficos

Revisión do sistema ortográfico italiano.

División en silabas: división de palabras no final da liña. Estrutura silábica.

Acento gráfico (*più*).

Grafías que requiren particular atención: <sc> / <sci> e <c> / <cc>, <ch> (revisión); plural dos nomes acabados en –co/-go; <qu>, <cqu> / <cu>;

Grafías dos grupos <gl> e <gn> (revisión): *ali /agli, glie/lie, sono/sogno*.

Contidos tratado con material complementario:

Revisión da grafía dos sonidos palatais e velares.

Signos ortográficos: usos da puntuación e das maiúsculas.

d. Contidos fonéticos

1º caudrimestre

Unidade 1

O acento de elementos léxicos aillados.

Unidade 2

Entoación para expresar estados de ánimo.

Acento no sintagma e na oración.

Énfase.

Unidade 3

Partiremo vs. Partiremmo.

Entoación: aceptar ou rechazar un consello.

Pronunciación de <sc> / <sci> e <c> / <cc>, <ch> (revisión);

Plural dos nomes acabados en –co/-go;

Pronunciación de <qu>, <cqu> / <cu>.

2º caudrimestre

Unidade 4

Entoación: *Allora?, Ma dai!, Ah!, Eh!*

As consoantes dobres (revisión) e a oposición consoante dobre/simple.

Unidade 5

Entoación: ordes e pedidos.

Pronunciación palatal dos grupos <gl> e <gn> (revisión): *ali /agli, glie/lie, sono/sogno*.

Contidos tratados con material complementario:

Revisión dos fonemas italianos que en castelán ou en galego funcionan de xeito diferente (/v/ labiodental, /b/, /d/, /g/ sempre oclusivos en italiano, /r/ vibrante simple en inicio de palabra, /t/d/ /dz/, /ts/, /z/ sonoro frente a /s/ xordo).

Pronunciación do s- *impuro* no inicio de palabra: *studente*.

Procesos fonolóxicos de elisión (*l'amico, quell'importante appuntamento, alcun'altra, sant'Agostino*) e apócope: *un uomo, nessun paese, un gran fracasso, fra Cristoforo, l'ingegner Scotti, il dottor Rossi*, etc.

Intensificación consoántica: /sarò bbreve/,/è vvero/,/a rroma/; *siffatto, frapporte, ebbene, oppure, atterrare*, etc.

Uso do *d* como consoante eufónica: *ed, ad*.

Diferenzas acentuais entre italiano e castelán ou galego: *democrazia, farmacia, periferia*.

2.3.1.2 Competencia sociolingüística

A competencia sociolingüística consiste na capacidade do usuario de interpretar e comportarse de forma axeitada en diferentes situacións. As alumnas e os alumnos deben adquirir as competencias sociolingüísticas que lles permitan comunicarse con efectividade ao nivel especificado. Entre estas encóntranse o coñecemento, o discernimento e o uso de marcadores lingüísticos de relacións sociais, fórmulas de tratamento, saúdos, normas de cortesía, diferenzas de rexistro (formal e informal) e expresións idiomáticas moi frecuentes:

Convencións sociais: establecemento de contacto (saúdo, expresión do interese por alguén), presentacións, dirixirse a alguén, solicitar e conceder permiso, comunicación telefónica e telemática.

Finalización do contacto: despedida, envío de saúdos, finalización de conversa telefónica, formas de saúdo en despedida en cartas.

Mantemento do contacto: desculpa, agradecementos, cumprimentos, felicitación, condolencia, desexo, brindes.

Expresión axeitada de sentimentos: alegría, entusiasmo, sorpresa, gabanza, etc.; utilización axeitada das exclamacións.

2.3.1.3 Competencias pragmáticas

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento que posúe o alumnado dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizar funcións comunicativas.

a. Contidos funcionais

Os contidos funcionais responden aos obxectivos e fórmulanse en termos de expresión, pero considérase que inclúen tamén a comprensión e a interacción respectivas. Estes contidos traballaranse ao longo do primeiro cuadrimestre e reforzaranse durante o segundo:

1º cuadrimestre

Usos sociais da lingua:

En situacións formais e informais, dirixirse a alguén, saudar e despedirse, usar as formas de tratamento adecuadas, desculparse, agradecer, presentarse e presentar outras persoas, felicitarse, eloxiar, invitar.

Reaccionar ante unha información con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación.

Control da comunicación:

Manifestar comprensión e incompreensión.

Pedirle ao interlocutor confirmación da comprensión.

Solicitar a axuda ao interlocutor para facilitar a comprensión: por exemplo, falar devagar, deletrear, repetir, preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

Reformular, parafrasear, repetir, corrixir, explicar, sinalar, etc.

Encher con pausas ou expresións de dúbida mentres se busca o elemento que falta.

Información xeral:

Pedir e dar información sobre datos persoais.

Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.

Responder a preguntas ofrecendo información, confirmando, refutando, dubidando, expresando descoñecemento, etc.

Identificar e solicitar información mediante preguntas.

Resumir, repetir e transmitir información.

Intercambiar información sobre asuntos cotiáns: actividades, normas, costumes, sucesos.

Indicar posesión.

Relacionar datos (causa, consecuencia, finalidade, condicións, etc.).

Indicar onde e cando ocorre algo.

Referirse a accións cotiáns no presente, no pasado e no futuro.

Coñecemento, opinións e valoracións:

Expresar intereses, preferencias e gustos (e contrarios).

Afirmar e negar algo.

Mostrar acordo total ou parcial, satisfacción conformidade (e contrarios).

Preguntar e expresar coñecemento e descoñecemento, seguridade e inseguridade.

Expresar reticencias, obxeccións.

Expresar aprobación e satisfacción ou os seus contrarios.

Expresar e contrastar opinións.

Desexos, estados de saúde, sensacións e sentimentos:

Vontade, intencións.

Desexos para si e para outros.

Estados de saúde, síntomas e sensacións físicas.

Estados de ánimo, emocións e sentimentos: sorpresa, ledicia, mágoa, enfado, esperanza, etc.

Sentimientos cara a outras persoas: agradecemento, afecto, admiración, etc.

Desculpar(se) e aceptar desculpas.

Compartir sentimentos e reaccionar adecuadamente ante eles: acougar, dar azos, expresar condolencia, etc.

Acceder ou rexeitar agradecendo ou xustificando; acceder con reservas ou condicións.

Expresar imposibilidade, posibilidade, obriga ou prohibición de facer algo.

Aconsellar, recomendar e animar a facer algo.
Transmitir unha petición.
Suxerir actividades, aceptar ou rexeitar e reaccionar ante suxestións.
Invitar. Concertar unha cita.

Organización do discurso:

Dirixirse a alguén.
Iniciar a intervención en situacións formais e informais.
Pedir, tomar e ceder a palabra.
Reaccionar e cooperar na interacción.
Recoñecer e adecuarse ao esquema usual da interacción.
Introducir un tema en situacións formais e informais.
Introducir unha secuencia, unha anécdota ou unha opinión.
Enumerar, opoñer, exemplificar, aclarar aspectos, cambiar de tema, resumir.
Recoñecer e axustarse á estrutura das cartas e dos tipos de mensaxe utilizados.
Utilizar as convencións propias dos textos ou discursos que se manexan.

2º cuadrimestre

Información xeral (ampliación):

Pedir e dar información sobre datos persoais.
Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.
Responder a preguntas ofrecendo información, confirmando, refutando, dubidando, expresando descoñecemento, etc.
Resumir, repetir e transmitir información.
Intercambiar información sobre asuntos cotiáns: actividades, normas, costumes, sucesos.
Indicar posesión.
Relacionar datos (causa, consecuencia, finalidade, condicións, etc.).
Indicar onde e cando ocorre algo.
Referirse a accións cotiáns no presente, no pasado e no futuro.

Coñecemento, opinións e valoracións (ampliación) :

Preguntar e expresar coñecemento e descoñecemento, seguridade e inseguridade.
Expresar reticencias, obxeccións.
Expresar aprobación e satisfacción ou os seus contrarios.
Expresar e contrastar opinións.

Desexos, estados de saúde, sensacións e sentimentos (ampliación):

Desexos para si e para outros.
Estados de saúde, síntomas e sensacións físicas.
Expresar unha queixa ou unha reclamación.
Eloxiar, facer cumprimentos e os seus contrarios.
Peticións, instrucións e suxestións.
Pedir e ofrecer obxectos, servizos e axuda.
Pedir, conceder e denegar permiso (con ou sen obxeccións).

Dar instrucións, avisos e ordes.
Previr, advertir.
Planificar unha actividade.

Organización do discurso (ampliación):

Iniciar a intervención en situacións formais e informais.

Reaccionar e cooperar na interacción.

Introducir un tema en situacións formais e informais.

Introducir unha secuencia, unha anécdota ou unha opinión.

Enumerar, opoñer, exemplificar, aclarar aspectos, cambiar de tema, resumir.

Anunciar o peche do discurso e pechalo.

Relacionar e cohesionar o discurso.

Ao teléfono: inicio, presentación, espera, recado, despedida. Control da comunicación.

Recoñecer e axustarse á estrutura das cartas e dos tipos de mensaxe utilizados.

Utilizar as convencións propias dos textos ou discursos que se manexan.

b. Contidos discursivos

▪ Coherencia e cohesión

Un enfoque centrado no uso do idioma supón considerar o texto como a unidade mínima de comunicación. Para que un texto teña validez desde o punto de vista comunicativo, debe ser coherente con respecto ao contexto en que se produce e debe presentar unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. O alumnado deberá adquirir, daquela, as competencias discursivas que lle permitan producir e comprender textos atendendo á súa coherencia e cohesión. Estes recursos entenderanse tanto para a expresión como para a comprensión.

Coherencia

Ofrecer información suficiente e relevante para cumprir o propósito comunicativo.

Utilizar a variedade de lingua estándar.

Utilizar o rexistro formal ou informal segundo o requira a situación de comunicación.

Seleccionar con certa precisión o léxico e as estruturas sintácticas pertinentes para acadar o propósito comunicativo segundo o tema que se trate.

Adaptarse ás características, á organización básica e ao formato dos textos orais e escritos a que se enfrenta ou que produce, recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar recursos lingüísticos adecuados para garantir a coherencia espazo-temporal.

Cohesión

Iniciar, desenvolver e rematar textos en diferentes situacións de interacción escrita.

Iniciar, manter e rematar conversas en diferentes situacións de interacción oral.

Tomar, manter e ceder a quenda de palabra en diferentes situacións de interacción oral respectando as regras e as convencións.

Usar os conectores básicos discursivos para iniciar, continuar, engadir, exemplificar e concluír.

Intentar manter a cohesión temática do texto utilizando recursos tales como a correferencia (por exemplo o uso de artigos, pronomes, demonstrativos, concordancias), a elipse, as repeticións, etc.

Organizar de xeito sinxelo o discurso de maneira que se distinga o tema principal dos temas secundarios.

Utilizar conectores básicos para expresar relacións lóxicas tales como causa, consecuencia, finalidade, etc.

Recoñecer ou utilizar a reformulación como recurso para intentar garantir a comprensión nunha situación de comunicación.

Utilizar os patróns de entoación adecuándoos á situación comunicativa.

Utilizar con certa precisión os recursos básicos de puntuación adecuándoos ás regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar con corrección os recursos básicos de puntuación adecuándoos ás regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

▪ Tipoloxía de textos

Dende o Departamento de Italiano queremos engadir que, segundo o obxectivo a alcanzar, cos seus subseguintes contidos, predilexíase o tipo de texto máis conveniente. De todos modos, o alumnado estará en contacto ao longo do curso cunha tipoloxía variada de textos de natureza real, que son susceptibles de ser modificados polas esixencias do terceiro ano de aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Por motivos eminentemente técnicos, os textos que se prestan a presentar unha maior adaptación son os escritos, pero no caso dos orais realizaranse manobras de compensación e de adecuación para que o alumnado estea en contacto con textos orais reais sen se sentir perdido, obrando un equilibrio motivador entre información xa coñecida e o input novo, para non anular o efecto beneficioso deste tipo de textos no progreso da aprendizaxe por parte do alumnado.

Parte oral:

Anuncios publicitarios na radio e televisión e anuncios por megafonía

Instrucións e indicacións detalladas;

Conversas cara a cara e en grupo;

Reunións de traballo;

Debates;

Discusións formais;

Entrevistas: de traballo, académicas, médicas...;

Enquisas;

Textos audiovisuais: películas, programas de tv ou de radio, telexornais, documentais, material gravado;

Conferencias, presentacións e declaracións públicas;

Cancións;

Representacións teatrais;
Conversas telefónicas e mensaxes en contestadores automáticos.

Parte escrita:

Anuncios publicitarios (en paneis, na prensa, etc.) E anuncios por palabras; correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedidos, telefax, notas, mensaxes, invitacións, felicitacións, etc.);

Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, entrevistas);

Informes; resumos e esquemas;

Apuntamentos;

Textos literarios (contos, relatos breves, poemas, diálogos teatrais);

Bandas deseñadas e tiras cómicas;

Documentos oficiais (formularios, impresos, instancias);

Documentos comerciais (contratos, facturas, albarás, cartas comerciais, extractos bancarios);

Catálogos;

Manuais de instrucións;

Guións;

Currículo;

Dicionarios e thesaurus;

Prospectos;

Receitas de cociña;

Adiviñas;

Biografía.

2.3.2 Competencia sociocultural

O alumnado deberá adquirir un coñecemento da sociedade e da cultura propias dos países e territorios en que se fala o idioma estudado, xa que esta circunstancia mellora a competencia comunicativa e, alén diso, a ausencia dunha competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación. Estes contidos deberán considerarse ao elaborar os materiais didácticos. Teranse en conta as seguintes áreas:

A vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais e comportamento na mesa, horarios e servizos dos distintos establecementos, etc.); actividades de lecer: deporte e espectáculos, actividades en días festivos e non laborables (excursións, visitas aos lugares de interese cultural, monumentos, museos, etc.).

Os servizos públicos: uso do transporte público (horarios, planos de transportes urbanos, estacións de trens, aeroportos, convencións e normas de uso de autobuses, taxis...).

As condicións de vida: condicións da vivenda (tipos, prezos, alugueiro, convencións relacionadas coa súa procura, etc.); niveis de vida (con variacións rexionais, sociais e culturais); comunicación (por vía telefónica, postal, informática, etc.); saúde (sistema de asistencia médica); o sistema educativo.

O contorno xeográfico: paisaxes, condicións climáticas, medio rural e medio urbano.

As relacións persoais: cos familiares (costumes familiares), cos amigos, cos veciños, con descoñecidos, no ámbito laboral, no administrativo, no educativo e nas actividades de lecer.

Valores, crenzas e actitudes: valores e crenzas fundamentais, tradicións importantes, características básicas do sentido do humor, referentes artístico-culturais significativos (historia: feitos históricos e personaxes relevantes; artes: literatura, música, teatro, pintura...; relixión: tradicións e supersticións máis comúns); tradición e cambio social.

As convencións sociais: tradicións sociais no ámbito familiar, aspectos relevantes do comportamento en contextos informais e formais (presentacións, saúdos, despedidas, puntualidade, hospitalidade, visitas, regalos, etc.), convencións relativas ao vestiario en diferentes situacións, tabús e costumes nos comportamentos e nas conversas.

O comportamento ritual: acontecementos de ámbito privado (nacementos, vodas, funerais, etc.), festas relixiosas e tradicionais, espectáculos e acontecementos públicos.

A linguaxe corporal e sons paralingüísticos: linguaxe xestual (expresións faciais, acenos, posturas, contacto visual, etc.), contacto corporal e proximidade física; calidade de voz, ton e volume.

Lingua e sociedade: extensión xeográfica, estatus e contacto con outras linguas.

2.3.3 Competencias estratéxicas

O proceso de ensinanza-aprendizaxe inclúe necesariamente o uso dos diferentes tipos de estratexias, tanto de aprendizaxe como comunicativas. Por iso é importante facerlles comprender aos alumnos a importancia de establecelas como base para o desenvolvemento da competencia comunicativa e para que poidan dirixir a súa aprendizaxe de forma consciente. Dependendo da tarefa, activaranse as correspondentes estratexias, tendo en conta que o maior ou menor grao de aplicación destas redundará na consecución dos obxectivos. As estratexias que cómpre ter en conta para lle axudar ao alumno a comprender, aprender, lembrar e utilizar a nova información son:

2.3.3.1 Estratexias de aprendizaxe.

Estratexias metacognitivas.

Tomar consciencia do proceso de aprendizaxe.

Coñecer os propios estilos de aprendizaxe.

Saber planificar a aprendizaxe, responsabilizarse do proceso de aprendizaxe, adoptar unha postura activa.

Saber utilizar recursos de autoaprendizaxe fóra da aula, autoavaliarse, tratar de ser autónomo no proceso de aprendizaxe.

Incentivar a confianza na propia capacidade e fomentar posturas positivas, evitando o medo ao erro, superando o sentido do ridículo e desenvolvendo o espírito crítico.

Desenvolver o interese e a cooperación.

Argallar técnicas para memorizar.

Crear relacións mentais dentro dos textos, frases, grupos semánticos, rimas, etc.

Relacionar o que se viu co que se escoitou.

Empregar certas técnicas como repasos frecuentes, listaxes, clasificación, etc.

Estratexias cognitivas.

Relacionar a información nova coa anteriormente adquirida.

Observar os feitos e formular hipóteses.

Desenvolver razoamentos dedutivos.

Reflexionar sobre a relación entre a comunicación e a lingua (o feito comunicativo e os elementos da situación de comunicación).

Acadar a comprensión indutiva e global mediante a dedución dos sistemas e regras de uso da lingua obxecto de estudo, a partir de textos contextualizados ou por analoxías coa propia lingua.

Xeneralizar as regras observadas.

Comparar as características da lingua obxecto de estudo coas da lingua materna.

Tomar notas persoais, facer resumos e organizar unha gramática propia.

Utilizar técnicas de pronuncia e entoación: imitar de forma intencionada os falantes nativos ou memorizar textos representativos (cancións, poemas, refráns, frases difíciles, etc.) e repetilos con frecuencia.

2.3.3.2 Estratexias de comunicación.....

Planificación.

Activar ou procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos e as persoas. Tomar notas sobre os intereses e os

coñecementos previos dos destinatarios. Elaborar unha relación de vocabulario e estruturas.

Reunir os propios coñecementos e pensamentos. Informarse de se hai axudas visuais: diagramas, imaxes, modelos.

Tomar consciencia do propio interese e do interese do interlocutor: tomar consciencia de que e canto se quere comprender (só o contido principal, informacións específicas ou informacións polo miúdo); do que se quere dicir ou escribir, e de con canto detalle; do que o interlocutor xa pode saber ou do que podería non saber; do que lle podería interesar ou non interesar ao interlocutor; do que podería ser coñecido por todos.

Dispor informacións e recursos de apoio, e dotar os contidos dunha estrutura previa. Ordenar os contidos. Preparar listas de vocabulario propias relacionadas cun tema específico (especialidade) ou dicionarios especializados. Revisar e completar notas. Marcar palabras clave e estruturas gramaticais relacionadas cun tema nunha mostra textual.

Adaptar a tarefa ás competencias lingüísticas e persoais e mais á situación. Decidir utilizar outro xénero textual (por exemplo, escribir unha postal en vez dunha carta). Decidir que xénero textual é o axeitado. Decidir utilizar outro medio de comunicación (por exemplo, escribir un correo electrónico en lugar de deixar unha mensaxe no contestador). Limitar un tema a dúas ou tres ideas centrais. Planificar como se poden expresar os contidos principais cos medios lingüísticos dispoñibles. Aumentar a dificultade dunha tarefa cando existen suficientes informacións e recursos.

Activar esquemas textuais / elaborar un borrador de estrutura textual. Introducir palabras clave nun cadro (introdución, desenvolvemento, final). Preparar un texto de referencia (por exemplo, un currículo sacado de internet). Tomar consciencia da distancia entre a lingua oral e a escrita. Lembrar posibles tipos de textos. Seleccionar fórmulas lingüísticas (por exemplo, a cabeceira nunha carta).

Repetición e práctica. Practicar e experimentar con novas expresións e combinacións de expresións e solicitar información sobre a súa idoneidade. Marcar fragmentos de textos difíciles. Practicar os posibles comezos dunha conversa e as posibles transicións entre textos.

Recoñecer as posibles dificultades de comprensión. Pensar en que factores de distorsión se poderían dar. Informarse sobre a velocidade que cabería esperar dun narrador e sobre a densidade informativa que cabería esperar dun texto. Pensar na propia lingua qué vocabulario podería ser importante.

Execución, control, reparación.

Construír a partir do coñecemento existente. Utilizar regras lingüísticas, expresións e xiros coñecidos. Procurar palabras e xiros coñecidos.

Desenvolver un tema cando este é coñecido polo interlocutor. Comparar cos propios coñecementos e coas propias experiencias.

Utilizar os recursos de apoio dispoñibles. Consultar a ortografía correcta nun dicionario. Consultar regras de gramática. Utilizar modelos (por exemplo, unha carta ou unha acta). Utilizar programas de ordenador. Recorrer ás notas propias. Utilizar formas e/ou estruturas en textos semellantes.

Estruturar contidos / textos. Organizar cronoloxicamente elementos. Ilustrar enunciados complexos con exemplos. Marcar parágrafos. Parafrasear ou resumir puntos importantes de determinados parágrafos ou fragmentos de textos. Ter en conta signos de puntuación e outros signos de división e cohesión textual. Utilizar signos de puntuación e outros signos de división e cohesión textual. Marcar pasaxes importantes. Dividir textos en diferentes partes. Ter en conta palabras clave para un tema. Concentrarse en determinadas fórmulas utilizadas nas situacións concretas. Ter en conta as pausas e deducir delas unidades informativas. Concentrarse en unidades de sentido. Reproducir unidades de sentido.

Estruturar conversas. Dirixirse a alguén: tomar a palabra mediante avisos oportunos.

Manterse no uso da palabra mediante o recheo de pausas ou a utilización de recursos explícitos. Evitar redundancias. Formular enunciados como preguntas e viceversa. Acabar a conversa.

Cooperación. Aterse ás convencións en materia de cortesía. Ceder a palabra. Relacionar o expresado por un co expresado por outro. Remitirse ao expresado por outros. Focalizar o tema. Manter o contacto visual. Sinalar que se comprende. Introducir outra persoa na conversa.

Compensación e evitación. Parafrasear palabras descoñecidas con palabras coñecidas máis sinxelas. Utilizar un concepto xenérico ou unha palabra semánticamente emparentada. Inventar palabras ou botar man de palabras baleiras, como por exemplo «cousa». Explicar un concepto: por exemplo, o que se pode facer con el ou como é. Sinalar. Utilizar a linguaxe corporal. Evitar palabras difíciles. Apoiarse nas palabras coñecidas para deducir as descoñecidas. Utilizar estruturas sinxelas (por exemplo: unha oración simple en vez dunha oración composta). Citar en lugar de expoñer. Dirixir a conversa a un tema coñecido.

Identificar / deducir indicacións. Comprobar indicacións no contexto. Prestar atención aos puntos centrais. Deducir do contexto palabras descoñecidas. Deducir palabras descoñecidas coa axuda dos coñecementos doutras linguas. Deducir palabras descoñecidas coa axuda das súas regras de composición. Prestar atención aos elementos non verbais en películas e vídeos para comprender.

Sacar conclusións e facer predicións. Facer hipótesis utilizando imaxes, gráficos e fotografías. Establecer hipóteses sobre o contido utilizando informacións paratextuais e paralingüísticas. Deducir e anticipar posicións, intencións e estados de ánimo en relación co que segue no texto, utilizando o contexto e signos gramaticais e léxicos. Sacar conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e a velocidade. Deducir intencións baseándose no volume da voz do falante. Anticipar o que segue (palabra, frase, resposta...). Adiviñar o que non se comprende e o que non se coñece utilizando os propios coñecementos e experiencias.

Asegurar a comprensión. Repetir o comprendido. Preguntar se se di do xeito que un pensa. Prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor. Informarse sobre se o comprenderon. Volver a outras partes do texto (por exemplo, ler unha vez máis o parágrafo anterior).

Pedir aclaración/aclarar: pedirles a outros que expliquen algo con maior precisión. Solicitar repetición. Pedir que expliquen unha palabra clave. Dicir que non se entendeu algo. Verbalizar hipóteses non articuladas. Preguntar.

Solicitar axuda. Pedir confirmación sobre se unha forma utilizada é correcta. Pedirle unha explicación a alguén. Pedirle a alguén unha tradución.

Controlar. Prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor. Verificar as propias hipóteses. Observar a actitude do interlocutor. Volver ler ou escoitar un texto tendo en conta determinados aspectos. Escoitarse a si mesmo.

Experimentar. Utilizar unha palabra ou estrutura nova. Utilizar outra canle, por exemplo escribir un correo electrónico en lugar de facer unha chamada telefónica.

Reparar: comezar de novo a frase. Formular outra vez a frase con locucións como “en realidade quería dicir...”. Repetir unha palabra correctamente. Pedir desculpas. Pedir que repitan. Aclarar malentendidos. Revisar hipóteses. Volver ler ou escoitar un texto.

2.4 Intermedio 2

2.4.1 Competencias comunicativas

2.4.1.1 Competencias lingüísticas

a. **Contidos léxico-semánticos**

O léxico neste nivel Intermedio profundizará nos coñecementos léxicos xerais introducidos no Intermedio 1, para que o alumno manexe distintos termos e sexa quen de usalos respectando, na medida do posible, a formalidade que impón a situación na que se desenvolve o acto lingüístico.

1º cuadrimestre

Unidade 6 (Contatto 2A):

Nomes acabados en *-zione* e *-mento* (*partecipazione, funzionamento*);
Nomes acabados en *-enza*; nomes derivados con sufixo *cero* (*impegno, convinzione*);

Adxectivos rematados en *-ante, -bile, -ivo* (*mangiabile, incoraggiante, educativo*);

Proverbios: *chi troppo vuole nulla stringe*;

Carta de queixas (con expresións formais como *siete pregati di, il sottoscritto, in attesa di...*);

Metáforas: *andare in porto, bussare alla porta, un posto in prima fila*;

Verbos pronominais: *cavarsela, fregarsene, farcela, prendersela, andarsene*.

Unidade 1 (Magari!):

Nomes xeográficos (*fiumi, laghi, vulcani, isole*) e administrativos (*regioni, province, comuni...*); mapa físico e político de Italia.

Unidade 2:

O léxico relacionado coas artes plásticas e figurativas.

Unidade 3:

O léxico da emigración (*emigra(n)ti / immigra(n)ti, discriminazione, xenofobia, integrazione, rimesse...*).

2º cuadrimestre

Unidade 4:

A langaxe da política (institucións) e léxico relacionado cos principais acontecementos políticos e xudiciais da historia italiana contemporánea (*tangentopoli, mani pulite, lodo, corruzione, scandalo*); nomes dos partidos políticos italianos.

Unidade 5:

Afundamento do léxico relacionado coa casa (*agente immobiliare, consulente finanziario, mutuo, agenzia immobiliare, investimento...*) e cos mobles (novas tendencias). O design italiano.

Unidade 6:

O léxico relacionado coas artes plásticas e figurativas (continuación). A arte contemporánea.

Proverbios.

Unidade 7:

O léxico da psicoloxía e das principais enfermidades mentais (*allucinazioni, schizofrenia, paranoia, depressione, sindrome, complesso di Edipo...*).

Contidos tratados con material complementario:

Tratarase esencialmente de profundizar os coñecementos léxicos xerais introducidos no Intermedio 1.

b. Contidos gramaticais**1º cuadrimestre****Unidade 6 (Contatto 2A):**

Subxuntivo presente de verbos regulares e irregulares (revisión e afondamento);

Construción *di*+infinitivo co mesmo suxeito (*spero di uscire* vs. *Spero che tu esca*);

Revisión do presente de indicativo e subxuntivo e do pretérito composto;

Os pronomes combinados (revisión);

Os pronomes directos, indirectos, combinados; *ne*; os reflexivos;

Adxectivos e pronomes indefinidos (*alcuno, nessuno, niente, molto, ogni, qualche, ognuno, qualsiasi*);

Verbos impersoais: *bisogna, occorre, ci vuole*;

Preposicións *di, in* e *a* en dependencia de verbos (*fidarsi di, provare a impegnarsi in*);

Qualcosa / niente di / da (*qualcosa di interessante, qualcosa da fare*);

Conectores con valor concesivo: *anche se* co indicativo, *sebbene*,

nonostante, benché co subxuntivo, *pur* co xerundio.

Unidade 1 (Magari!):

Adverbio de admiración *magari*;

Futuro simple e composto;

Artículos determinados e indeterminados: uso cos nomes xeográficos;

Preposición *in* cos nomes xeográficos;

Sintagmas e expresións: *più o meno, al massimo, per la precisione, prima o poi, ogni tanto, un paio d'ore*.

Unidade 2:

Condicional simple e composto;

Quello (adxectivo e pronome);

Construción *è uno di quei*;

Expresións cos verbos *venire, prendere, tenere* (*venire in mente, prendere il posto, tenere un discorso...*).

Unidade 3:

Pretérito perfecto simple e diferenca co pretérito composto;
Uso do imperfecto do indicativo en lugar do condicional composto para expresar un desexo non realizado;
Presente histórico;
Oración directa;
Uso do condicional composto como futuro no pasado.

2º cuadrimestre

Unidade 4:

A expresión do pasado (continuación) e diferenca entre pretérito perfecto simple e composto;
Sinónimos.

Unidade 5:

O adxectivo e a súa posición; adxectivos cualificativos e derivados de nomes;
As modificacións do adxectivo con sufixos (aumentativos e diminutivos); os falsos derivados e os derivados lexicalizados;
Expresións cos verbos *giungere, fissare, porre, uscire, vendere, ostentare, volare (giungere a una conclusione, vendere fumo, uscire dal tunnel...)*;
Superlativos con *super* e *stra*.

Unidade 6:

Uso do *ma* (limitativo e negativo);
Oracións explícita e implícita;
Dislocacións con *che* ou *a*+infinitivo (*Sarà Fabio a comprare il vino*);
Os adxectivos numerais;
Conectores: *come dire, insomma, ah, dunque, diciamo, cioè, ecco...*

Unidade 7:

Oración principal e secundaria;
O subxuntivo presente (revisión e afondamento); subxuntivo en oracións secundarias;
Imperativo de cortesía;
Posición do adxectivo (continuación); nomes con dous adxectivos ou máis (*forte stabilità emotiva, periodo sentimentale difficile...*);
A formación das palabras (nomes, adxectivos e verbos).

Contidos tratados con material complementario:

Oración simple:

Oración imperativa: revisión do imperativo e uso correcto dos pronomes átonos e tónicos e a súa combinación.

Ne partitivo (cuantificador), revisión.

Si impersonal: tempos simples e compostos; as formas reflexivas: *Si diventa noiosi se si parla troppo; Dopo un lungo viaggio ci si sente stanchi; Se ci si è alzati presto, la sera ci si addormenta prima, etc.*

Oración composta:

Período hipotético da realidade (tipo I).
 Período hipotético da posibilidade (tipo II).
 Período hipotético da imposibilidade (tipo III): *Se avesse fatto bel tempo sarei andato in spiaggia.*
 Combinacións dos tipo II e III: *Se avessi studiato di più ora non ti troveresti senza vacanze.*
 Concordancia tempos verbais: *consecutio temporum et modorum.*
 Discurso indirecto (introdución)
 Con verbo principal en presente: *María dice che ha mal di testa.*
 Con verbo principal en pasado: *María ha detto che aveva mal di testa.*
Nome:
 Formación dos plurais irregulares: *dio/dei, bue/buoi*, etc.
 Casos de dúbida da formación dalgúns nomes de profesións femininos: *il sindaco Maria Rossi, l'avvocato Laura Rossi*, etc.
Pronomes:
 Indefinidos. Afondamento.
Ci e Ne. Afondamento en todos os seus usos máis habituais.
Adxectivos:
 Superlativos metafóricos: *innamorato cotto, ricco sfondato*, etc. Revisión dos comparativos e superlativos regulares e irregulares de *buono, cattivo, grande e piccolo.*
 Modificación do núcleo mediante sintagma adverbial: *così contenta*, nominal: *freddo cane*, adxetival: *verde chiaro*, preposicional: *nuovo di zecca.*
Verbos:
 Revisión da selección do auxiliar cos verbos *volere, dovere, potere*;
 Os verbos *fare e lasciare* con valor causativo: *Vi lascio finire; Vi faccio finire; Ho fatto pulire la casa.*
 Revisión das perífrasis verbais.
 Revisión da construción pasiva.

c. Contidos ortográficos

Decidimos nesta sección e na seguinte non practicar a división en unidades e cuatrimestres, porque se tratará de revisar e profundizar, ao longo de todo o curso, os contidos gráficos xa estudados nos anos anteriores. Nalgúns casos de particular dificultade, usaremos material de distinta procedencia.

Revisión do sistema ortográfico italiano, das maiúsculas, dos acentos, do uso dos signos de puntuación, da estrutura silábica e da división das palabras en final de liña.

d. Contidos fonéticos

Nesta sección traballaremos con materias de distinta procedencia, poñendo especial atención aos contidos fonéticos que máis diferencian o italiano do galego e do castelán. Profundizaremos tamén as distintas entoacións rexionais.

Revisión dos sons e fonemas vocálicos e consonánticos. Agrupacións e combinacións: tritongos: /w/ + /j/ + vogal (*seguiamo, quiete*) /j/ + /w/ + vogal (*aiuola, fumaiuolo*); /w/ + vogal + /j/ + vogal (*muoio, cuoio*).

Procesos fonolóxicos:

Elisión: adxectivos *bello, santo*.

Apócope: vocálica (de nomes: *suora*, e adverbios: *bene*); silábica (nomes comúns, propios e topónimos; de adxectivos *bello, grande, migliore, santo*).

Intensificación sintáctica: /a 'kkaza/.

Entoación e ritmo:

Aspectos do ritmo e da entoación: diferenciación das curvas de entoación

Introdución ás variedades rexionais na pronunciación e na entoación.

2.4.1.2 Competencia sociolingüística

Os contidos propios da competencia sociolingüística do Intermedio 2 retoman os desenvoltos ao longo do Intermedio 1, segundo un proceso de revisión e afondamento.

2.4.1.3 Competencias pragmáticas

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento que posúe o alumno ou a alumna dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizar funcións comunicativas.

a. Contidos funcionais.

Os contidos funcionais do Intermedio 2 corresponden aos contidos presentados no Intermedio 1 e trataranse de acordo cos obxectivos propios do nivel, aplicando un proceso costante de revisión e afondamento.

b. Contidos discursivos.

- Coherencia e cohesión.

Coherencia:

Ofrecer información suficiente e relevante para cumprir o propósito comunicativo.

Utilizar a variedade de lingua estándar.

Utilizar o rexistro formal ou informal segundo o requira a situación de comunicación.

Seleccionar o léxico e as estruturas sintácticas suficientes para acadar o propósito comunicativo segundo o tema que se trate.

Adaptarse ás características, organización básica e formato dos textos orais e escritos aos que se enfronta ou que produce, recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

Utilizar recursos lingüísticos adecuados para garantir a coherencia espazo-temporal.

Cohesión:

Iniciar, desenvolver e rematar textos en diferentes situacións de interacción escrita.

Iniciar, manter e rematar conversas en diferentes situacións de interacción oral.

Tomar, manter e ceder a quenda de palabra en diferentes situacións de interacción oral respectando as regras e as convencións.

Usar unha certa variedade de conectores discursivos para iniciar, continuar, engadir, exemplificar e concluír.

Manter a cohesión temática do texto utilizando recursos tales como a correferencia, (por exemplo o uso de artigos, pronomes, demostrativos, concordancia de tempos verbais...), a elipse, as repeticións, etc.

Organizar o discurso de maneira que se distinga con claridade o tema principal dos temas secundarios.

Utilizar unha certa variedade de conectores básicos para expresar relacións lóxicas tales como causa, consecuencia, finalidade, etc.

Recoñecer e utilizar a reformulación como recurso para garantir a comprensión nunha situación de comunicación.

Utilizar os patróns de entoación adecuándoos á situación comunicativa.

Utilizar con corrección os recursos básicos de puntuación adecuándoos ás regras e convencións propias dos textos recollidos na epígrafe Tipoloxía de textos.

- Tipoloxía de textos.

A palabra «texto» está empregada neste currículo no sentido amplo e coas características que lle outorga o MECR: O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso. A Tipoloxía textual do Intermedio 2 corresponde á aquela presentada no Intermedio 1. Nese sentido, a complexidade de cada texto deberá ser adaptada aos obxectivos propios do nivel.

2.4.2 Competencia sociocultural

Dado que as actividades comunicativas se integran dentro dun contexto sociocultural, as alumnas e os alumnos deben adquirir un coñecemento da sociedade, da mentalidade e da cultura dos países e territorios en que se fala o idioma obxecto de estudo. De todos é sabido que a ausencia de competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación. O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. Terán que ser adaptados ás circunstancias socioculturais específicas de cada lingua, e o léxico e as estruturas utilizados para os desenvolver adecuaranse aos obxectivos do nivel, xa que os contidos socioculturais do Intermedio 2 corresponden a aqueles presentados no Intermedio 1.

2.4.3 Competencias estratéxicas

O proceso de ensinanza-aprendizaxe inclúe necesariamente o uso dos diferentes tipos de estratexias, tanto de aprendizaxe como comunicativas. Por iso é importante facerlles comprender aos alumnos a importancia de establecelas como base para o desenvolvemento da competencia comunicativa e para que poidan dirixir a súa aprendizaxe de forma consciente. Dependendo da tarefa, activaranse as correspondentes estratexias, tendo en

conta que o maior ou menor grao de aplicación destas redundará na consecución dos obxectivos. As estratexias que cómpre ter en conta para lle axudar ao alumno a comprender, aprender, lembrar e utilizar a nova información son as mesmas de Intermedio 1.

2.5 Avanzado 1.....

O curso estará dividido en dous cuatrimestres, o primeiro irá de outubro a febreiro e o segundo de febreiro a finais de maio. No mes de febreiro celebraranse probas para cada unha das competencias que valerán o trinta por cento da nota final. Ao longo do curso, farase un uso contextualizado dos recursos programados nos cursos anteriores e dos que se listan a continuación, para levar a cabo as actividades e funcións comunicativas do nivel.

2.5.1 Competencias comunicativas.....

2.5.1.1 Competencias lingüísticas.....

a. Contidos léxicos-semánticos

1º cuatrimestre

Unidad 8:

- Identificación persoal: Actividades profesionais e ocupacionais.
- Traballo: Profesión e cargos. Tarefas que se desenvolven no traballo. Conflictos no traballo.

Unidad 9:

- Identificación persoal: Biografías: etapas da vida.
- Política e sociedade: Intitucións. Sistemas políticos e de goberno. Conflictos e movementos sociais. Modas e tendencias sociais.
- Información e medios de comunicación: Prensa escrita- Televisión e radio. Internet.

Unidad 10:

- Identificación persoal: Biografías: etapas da vida. Gustos e centros de interese.
- Actividades artísticas: Literatura.

Unidad 11:

- Viaxes: Motivacións e obxectivos. Experiencias persoais. Problemas e incidencias. Modas e tendencias turísticas.
- Clima e medio ambiente: Paisaxe urbana e rural. Clima. Natureza. Ecoloxía e problemas medioambientais.

2º cuadrimestre

Unidad 12:

- Vivenda e fogar: Construción. Compra e aluguer. Mudanza e instalación. Tipos de residencia. Equipamento, decoración e mantemento. Contorno sociocultural, físico e económico.
- Clima e medio ambiente: Paisaxe urbana e rural. Clima. Natureza. Ecoloxía e problemas medioambientais.
- Actividades artísticas: Arquitectura.
-

Unidad 13:

- Identificación persoal: Actividades profesionais e ocupacionais. Biografías: etapas da vida. Gustos e centros de interese.
- Relacións humanas e sociais: Celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos. Actitudes e formas de comportarse.
- Política e sociedade: Conflictos e movementos sociais. Modas e tendencias sociais.
- Actividades artísticas: Cine e teatro.
-

Unidad 14:

- Clima e medio ambiente: Paisaxe urbana e rural. Desastres naturais. Ecoloxía e problemas medioambientais.
- Información e medios de comunicación: Prensa escrita- Televisión e radio. Internet.
- Política e sociedade: Institucións. Conflictos e movementos sociais. Xustiza. Modas e tendencias sociais
- Educación: Sistema educativo.
- Actividades económicas: Finanzas e bolsa. Comercio. Entidades e empresas. Industria e enerxía
- Traballo: Seguridade e riscos laborais

b. Contidos gramaticais

Consolidación de todas as estruturas traballadas nos niveis anteriores.

1º cuadrimestre

Unidad 8:

Subxuntivo (parte 2): subxuntivo imperfecto; usos do subxuntivo en frases independentes.

Modos de afirmar negando: *non fare che, non mancare di* + infinito.

O feminino dos nomes de oficios.

Colocación cos verbos *essere, condurre, imprimere, suscitare, sottoporre, fare, stabilire, intensificare*.

Unidad 9:

Artículos e preposicións coas datas.

Os adverbios: formación e posición.

Os antónimos.

Le formule per prendere tempo e per interrompere: *mah, dunque, eh no, va bene, ho capito, ma, sai/sa, sì però, vediamo*.

Unidad 10:

Algunhas palabras compostas.

Pronomes átonos e tónicos.

Referencia anafórica.

Plural dos nomes compostos.

Pasado (parte 3): pluscuamperfecto de indicativo.

Modos indefinidos (parte 1): xerundio modal, participio pasado e presente.

Uso dos sintagmas *capace di, fino a, a cavallo tra, in questo senso, in fondo, a discapito di*.

Unidad 11:

Forma reflexiva e forma desempersoalizante.

Diferencia entre el *si* reflexivo e desempersoalizante.

El *si* desempersoalizante.

Pronomes combinados.

Uso dos sintagmas verbais *tener presente, assumere una osizione, girare a vuoto, cedere alla tentazione, stare alla larga*.

Colocación cos verbos *valere, avere, guardarsi, rimettere, essere caternare, venire, rovesciarsi*.

Outras colocacións.

O ritmo e a intonación.

2º cuadrimestre

Unidad 12:

Che conxunción e pronome relativo.

Referencia do pronome relativo.

Pronomes relativos dobres.

Outros pronomes relativos e *il che*.

A frase escisa (parte 2): os tempos verbais.

Colocacións coas preposición de lugar *in* e *a* precedidas polos verbos de estar e de movemento.

Unidad 13:

Subxuntivo (parte 3): subxuntivo perfecto e pluscuamperfecto.

Concordancias: contemporaneidade e anterioridade.

O discurso indirecto (parte 1): contemporaneidade e anterioridade; o discurso indirecto introducido por *di, venire* e *andare* no discurso indirecto.

Adxetivos atraídos polos sustantivos *storia, situazione, costo, colonna, lato, città, mezzo*.

As señas discursivas *ah, magari, oltretutto, guarda, meno male, non un gran che*.

Unidad 14:

Uso do futuro na narración de feitos pasados.

Forma pasiva con essere, venire, andare.

O imperativo cos pronomes.

A dislocación pronominal.

A similitude.

A puntuación, o ritmo e a intonación.

c. Contidos ortográficos

Veremos estes contidos a través das tarefas de expresión escrita que se fan ao longo do curso, consolidando todas as estruturas traballadas nos niveis anteriores.

O alfabeto/os caracteres: Uso dos caracteres nas súas diversas formas (maiúsculas, minúsculas, cursiva, etc.).

Representación gráfica de fonemas e sons.

Ortografía de palabras estranxeiras.

A puntuación como un recurso de cohesión dun texto escrito: usos dos signos de puntuación

Usos particulares das maiúsculas: nomes de séculos (*il Seicento*), de décadas (*gli anni Ottanta*), de períodos históricos (*il Risorgimento*); as siglas (*la FIAT, l'ONU*); os títulos das obras literarias, ensaios, cabeceiras de xornais (*La Divina Commedia, "Il Corriere della Sera"*). Con algúns nomes (*porta, ponte, palazzo*) acompañados doutro nome propio (*Ponte Vecchio, Palazzo Venezia*).

Oscilacións no uso da maiúscula/minúscula: nomes de entidades e institucións (*Il Ministero/ il ministero, l'Università/l'università*); nomes de cargos públicos ou relixiosos (*il Presidente del Consiglio/ il presidente del consiglio, Il Papa, il papa*); nomes de rúas e prazas (*via/Via Verde, piazza/Piazza delle Erbe*).

Signos ortográficos (acento, apóstrofo, fiérese, guión, etc.).

- A organización en parágrafos. O punto e seguido e o punto e a parte.

- Os signos de exclamación e interrogación: *Che mangi?*

- Guións e comiñas nas transcricións de diálogos (discurso directo).

- Cómalas en oracións subordinadas, listas: *se viene lei, non vengo io; si tratta, lasciamelo dire, di un buon affare.*

- Puntos suspensivos: *a buon intenditor...*

- Guións ou paréntese: para informacións adicionais ou aclaratorias.

- Acento: Posición móbil do acento nas palabras italianas: *città, cantàre, crònaca, mèritano...*; palabras compostas con acento gráfico: *autogrù, ventitrè...*

- Particularidades no uso do apóstrofo: *sant' Antonio vs. San Leopoldo; nel '600, il 68'.*

- Apócope: Apócope vocálico (*nessun aiuto, un buon amico...*) e de sílabas (*quel, un bel tipo*) e uso do apóstrofo (*un po', a mo' di...*)
- Apócopes facultativos: *amor, cuor, amar, andar, fra Martino, così fan tutti, far studiare, venir meno...*
- Uso de paréntese e comiñas.

División das palabras ó final da liña. Estrutura silábica.

- As siglas, como se escriben e como se pronuncian: *FIAT* pronúnciase *fiat* fronte a *PM, DS* que pronúncianse *piemme, diesse*.

d. Contidos fonéticos

Revisión e afondamento dos contidos vistos nos niveis precedentes.

Sons e fonemas vocálicos e as súas combinacións do italiano estándar.

Sons e fonemas consonánticos do italiano estándar e as súas agrupacións:

- Principais fonemas vocálicos, consonánticos e de entoación que identifiquen variedades rexionais (a *gorgia* da Toscana, os sons *cocuminali* da Sicilia e Cerdeña...)

Procesos fonolóxicos (enxordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica, etc.).

Acento fónico / tonal dos elementos léxicos illados.

Ampliación e sistematización do repertorio de palabras con acento ou sen acento: *di* (preposición)/ *dì* (*giorno*); *la* (artigo e pronome)/ *là* (adverbio); *se* (conxunción)/ *sé* (pronome); *te* (pronome) / *tè* (nome);

ne (pronome, adverbio)/ *né... né* (conxunción)

Acento e atonicidade / patróns tonais no sintagma e na oración.

Revisión do uso do acento gráfico, grave e agudo en italiano: cando e como sinalalo

Palabras homógrafas con distinto acento: *àncora/ancóra; principi/principi; àltero/altèro...*

Curvas de entoación. Diferentes usos segundo a intención comunicativa: de aserción, interrogativa, suspensiva, incidental (*vieni con me- dice lui-..ma..*)

2.5.1.2 Competencia sociolingüística

O alumnado deberá adquirir un coñecemento da sociedade e a cultura das comunidades nas que se fala o idioma obxecto de estudo, xa que unha falta de competencia neste sentido pode facer fracasar a comunicación. Estes contidos derívanse da competencia sociolingüística e sociocultural. A competencia sociocultural baséase no coñecemento da sociedade e cultura da comunidade ou comunidades nas que se fala o idioma que vai desde aspectos propios do desenvolvemento da vida

diaria ata as convencións sociais, os comportamentos rituais e a linguaxe corporal. O alumnado do nivel avanzado deberá ser quen de expresarse adecuadamente nunha lingua sociolingüísticamente apropiada ás situacións de comunicación e adquirir a capacidade de abordar a variedade da fala, ademais dun maior control sobre rexistros e modismos. Posto que a lingua é un fenómeno social, gran parte dos contidos que forman parte da competencia sociolingüística encádranse nos contidos correspondentes aos diferentes ámbitos ou áreas ligados á competencia sociocultural. Os contidos que se recollen neste apartado deben ser obxecto de adaptacións segundo a cada lingua e cultura meta. Desenvolveranse ao longo dos cursos Avanzado 1 e Avanzado 2 de acordo cos obxetivos de cada un deles.

Marcadores lingüísticos de relacións sociais:

Uso e elección do saúdo.

Uso e elección das formas de tratamento.

Convencións para as quendas de palabra.

Uso e elección de interxeccións e frases interxectivas.

Normas de cortesía:

Cortesía positiva (mostrar interese por unha persoa, compartir experiencias e preocupacións, expresar admiración, afecto; prometer favores e servizos, etc.).

Cortesía negativa (evitar comportamentos ameazantes – ordes, dogmas, expresións categóricas, etc.-; expresar arrepentimento, desculparse; utilizar enunciados evasivos).

Descortesía (brusquidade, franqueza, desprezo, antipatía, queixa forte e reprimenda, ira, impaciencia, afirmación de superioridade).

Estereotipos e modismos populares

Refráns de uso moi frecuente.

Modismos habituais.

Expresións coloquiais.

Expresións de crenzas, actitudes e valores.

Rexistros

Neste nivel espérase que os alumnos sexan capaces de recoñecer e usar expresións propias dos rexistros neutral, solemne, formal, informal, familiar, profesional.

Diferencias entre a lingua escrita e oral.

Dialectos e acentos

Marcadores lingüísticos de: clase social, orixe nacional, grupo étnico, grupo profesional.

2.5.1.3 Competencias pragmáticas

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento dos principios segundo os cales as mensaxes se utilizan para realizar funcións comunicativas («competencia funcional»), se organizan, se estruturan e se ordenan

(«competencia discursiva»), e se secuencian según esquemas de interacción e de transacción («competencia organizativa»).

a. Contidos funcionais

Funcións ou actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar; anunciar; apostilar; asentir; atribuír; clasificar; confirmar a veracidade dun feito; conxecturar; corroborar; describir; desmentir; disentir; expresar acordo e desacordo; expresar descoñecemento; expresar dúbida; expresar escepticismo; expresar unha opinión; formular hipóteses; identificar e identificarse; informar; obxectar; predicir; rebater; lembrarlle algo a alguén; rectificar; replicar; supoñer.

Funcións ou actos de fala compromisivos, relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: acceder; admitir; consentir; expresar a intención ou vontade de facer algo; invitar; xurar; negarse a facer algo; ofrecer algo; ofrecer axuda; ofrecerse a facer algo; prometer; retractarse.

Funcións ou actos de fala directivos, que teñen como finalidade que o destinatario faga ou non faga algo, tanto se isto é á súa vez un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar; advertir; alertar; ameazar; animar; autorizar; dar instrucións; dar permiso; demandar; denegar; desanimar; desestimar; dispensar ou eximir a alguén de facer algo; disuadir; esixir; intimidar; ordenar; pedir algo (axuda, confirmación, consello, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo); negarlle permiso a alguén; persuadir; previr a alguén en contra de algo ou de alguén; prohibir; propoñer; reclamar; recomendar; lembrarlle algo a alguén; restrinxir; solicitar; suxerir; suplicar.

Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios, que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes respecto dos demais: aceptar e declinar unha invitación; agradecer; atraer a atención; compadecerse; dar a benvida; despedirse; expresar condolencia; felicitar; facer cumprimentos; insultar; interesarse por alguén ou por algo; invitar; pedir desculpas; presentarse e presentar alguén; rexeitar; saudar.

Funcións ou actos de fala expresivos, cos que se expresan determinadas situacións: acusar; expresar admiración, ledicia ou felicidade, aprecio ou simpatía, aprobación e desaprobación, confianza e desconfianza, decepción, desinterese e interese, desprezo, desgusto, dor, dúbida, escepticismo, esperanza e desesperanza, estima, insatisfacción, preferencia, resignación, satisfacción, sorpresa, temor, tristeza; defender; exculpar; lamentar; reprochar.

b. Contidos discursivos.

Nestes niveis máis altos de dominio, a competencia discursiva debe permitir ordenar oracións en secuencias para producir fragmentos coherentes de lingua, comprendendo o coñecemento da ordenación de oracións e a

capacidade de controlar esa ordenación en función da tipoloxía á que pertenza o texto e de xeito que se perciba este como unha unidade de sentido. O alumnado deberá adquirir, daquela, os contidos discursivos que lle permitan producir e comprender textos adecuados con respecto ao contexto en que se produce, coherentes no seu desenvolvemento temático e c unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. Os alumnos deberán adquirir, xa que logo, as competencias discursivas que lles permitan producir e comprender textos atendendo á súa coherencia e á súa cohesión. Os contidos discursivos estarán baseados nos seguintes aspectos da competencia do discurso:

A flexibilidade ante as circunstancias, adecuando o texto ao contexto comunicativo: adaptando o que se di e os medios de expresalo á situación e ao receptor, e adoptando un nivel de formalidade axeitado á situación de comunicación.

O desenvolvemento adecuado da quenda de palabra (tomando, mantendo e cedendo a quenda de palabra amosando un uso eficaz da mesma).

O desenvolvemento de descrições, narracións e argumentacións claras ampliando e apoiando os seus puntos de vista sobre os aspectos principais con detalles e exemplos adecuados.

A coherencia (adequación do texto ao contexto comunicativo) e a cohesión.

- Coherencia textual.
 - Tipoloxía de textos.

O termo “texto” está empregada neste currículo no sentido amplo e coas características que lle outorga o MECR: “O texto é calquera secuencia de discurso (falado ou escrito) relacionada cun ámbito específico e que durante a realización dunha tarefa constitúe o eixe dunha actividade de lingua, ben como apoio ou meta, ben como produto ou como proceso”. Este punto inclúe un repertorio único de textos orais e escritos. A complexidade de cada un deles deberá ser adaptada aos obxectivos propios do nivel.

Parte oral

Anuncios publicitarios na radio e na televisión e informacións por megafonía (U11).

Cancións (tutte le unità).

Conferencias, relatorios, presentacións e declaracións públicas (U9).

Conversas á cara e en grupo: formais e informais, transaccionais (U8, U11).

Conversas telefónicas: formais e informais; transaccionais (U9).

Discursos e conferencias (U9).

Entrevistas laborais, académicas, médicas, xornalísticas (U9, U10, U11, U12, U13).

Textos audiovisuais: películas, programas de TV ou de radio, noticias, informativos, documentais, material gravado (U14).

Parte escrita

Biografías (U8, U9, U10, U11, U12, U13).

Cómics e tiras cómicas (U9).

Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedidos, fax, mensaxes electrónicas, invitacións, felicitacións, condolencias, agradecemento, escusa, etc.) (TUTTE LE UNITÀ).
Dicionarios e tesaurus. Dicionarios monolingües (TUTTE LE UNITÀ).
Enquisas e cuestionarios (U9).
Guías de viaxe (U11).
Guións (U13, U14).
Libros de texto (TUTTE LE UNITÀ).
Memorias e informes (U14).
Mensaxes en foros virtuais, blogs, etc.
Recetas de cociña (U11).
Recensións en xornais e revistas (U13, U14).
Resumos e sínteses. Apuntamentos (U13).
Textos literarios (contos, relatos breves, novelas, poemas, obras teatrais) (U8, U10, U13, U14).
Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, editoriais, necrolóxicas, recensións, entrevistas) (U16, U17, U18, U19, U21).

o Variedade de lingua estándar

Rexistro formal e informal.

Tema: presentación dun tema unitario; inexistencia de reiteracións e digresións que se afasten do tema. Enfoque e contido: selección léxica; selección de estruturas sintácticas; selección adecuada de información; información suficiente; selección de contido relevante; presentación de enunciados claros e que non se contradigan; presentación de enunciados aceptables segundo o coñecemento que temos do mundo.

Contexto espazo-temporal: Referencia espacial. Referencia temporal.

Desenvolvemento temático: organización lóxica das ideas. Introducción de subtemas (ordenación adecuada e xerarquización das ideas principais e secundarias). Expansión temática: Exemplificación. Reforzamento. Contraste.

Mantemento e seguimento do discurso oral: Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra. Apoio, demostración de entendemento, petición de aclaración, etc.

Cambio temático: Digresión. Recuperación de tema

- Cohesión textual (organización interna do texto. Inicio, desenvolvemento e conclusión da unidade textual).

Repeticións de tipo léxico e semántico (uso de sinónimos, antónimos, hipónimos).

Correferencias (posesivos, demostrativos, concordancia de tempos verbais...) e elipses.

Marcadores discursivos: de adición, que suman unhas ideas a outras; oposición e restrición, que introducen relacións de contraste ou contradición; causalidade e consecuencia, que establecen relacións de causa e efecto; reformulación ou aclaración que enuncian novamente o contido; de relación espacial e temporal; de ordenación do discurso que sinalan as partes do discurso (presentación, continuación, cambio de tema, digresión, enumeración, peche)

Marcadores de función pragmática: vocativos e apelacións que fan referencia ao destinatario, comentarios oracionais, que informan da actitude do falante.

Signos de puntuación.

Recursos da entoación e das pausas para marcar as unidades discursivas e as relacións de sentido (correspondencia entre unidades melódicas e signos de puntuación, identificación e produción dos patróns melódicos propios dos actos de fala, alongamentos fónicos e pronuncia enfática).

2.5.2 Competencia sociocultural

A vida cotiá: cociña e alimentos, convencións sociais e comportamentos nos distintos establecementos; festividades, celebracións e vacacións; horarios laborais e prácticas de traballo; hábitos e afeccións; medios de comunicación.

Os servizos públicos: comportamentos e uso de instalacións públicas (deportivas, académicas, culturais, sanitarias, etc..) e espazos públicos (prazas, parques, rúas, etc..); mobiliario urbano; mantemento e limpeza de espazos públicos; reciclaxe; protección civil (bombeiros, persoal sanitario, etc.).

As condicións de vida: atención á infancia, a persoas maiores, minusválidos, inmigrantes, a persoas sen recursos económicos, a persoas maltratadas; ONGs, asociacións e institucións sen ánimo de lucro; corpos e instalacións de seguridade (loita contra a drogadicción, a delincuencia, etc.).

O contorno xeográfico: relación coa natureza e protección do medio ambiente; parques naturais e rutas; reservas de biodiversidade; urbanismo e organización xeográfica; política forestal e xestión dos recursos; zonas de costa e de interior.

As relacións persoais: relacións entre sexos; novas formas de relación familiar; relacións de poder e solidariedade; relacións a través das TIC; relacións entre xeracións, relacións con outras clases sociais, razas e comunidades; citas e encontros; saúdos entre coñecidos e descoñecidos; normas de cortesía; grao de permisividade co comportamento dos nenos nos lugares públicos.

Valores, crenzas e actitudes respecto a: grupos profesionais, riqueza, culturas rexionais, seguridade, política, institucións, minorías, identidade nacional, países, estados e pobos estranxeiros.

As convencións sociais: vestimenta, protocolos, ofrecer e recibir hospitalidade, ofrecer e pedir axuda, invitar, prestar cousas e diñeiro, etc.; asistir a convencións, conmemoracións e actos sociais.

O comportamento ritual: cerimonia e prácticas relixiosas (bautizos, vodas, velorio, etc.); comportamento en representacións e cerimonia públicas; celebracións, festividades, bailes, etc.

A linguaxe corporal

Lingua e sociedade: interferencias lingüísticas; recoñecemento doutras linguas (linguas minoritarias, linguas que comparten o mesmo territorio); promoción e conservación doutras linguas; o plurilingüismo.

2.5.3 Competencias estratéxicas

A competencia estratéxica pon en marcha os procesos cognitivos que posibilitan o desenvolvemento da capacidade de aprender autonomamente e da capacidade de uso eficaz da lingua dela resultante, que leva consigo a superación das dificultades que poidan xurdir ao longo da comunicación. Cómpre axudar o alumnado a comprender a importancia de establecer esta competencia como base para o desenvolvemento da competencia comunicativa e para dirixir a propia aprendizaxe de forma consciente e autónoma. Forman parte da competencia estratéxica as diferentes estratexias de aprendizaxe e de comunicación.

2.5.3.1 Estratexias de aprendizaxe

Estratexias metacognitivas.

Son aquelas que permiten autorregular a propia aprendizaxe, é dicir, planificar, controlar e avaliar o propio proceso de aprendizaxe de xeito que, ao identificar posibles fallos na maneira de aprender, se poida modificar esta. Así, as estratexias metacognitivas permiten identificar o que se sabe, explicar como se aprendeu e dirixir a aprendizaxe para seguir aprendendo.

Planificar a propia aprendizaxe: identificando necesidades tanto a curto como a longo prazo; establecendo os propios obxectivos con claridade e de forma realista e facéndoo constar sistematicamente (nun diario de aprendizaxe, no PEL, etc.); organizando axeitadamente o tempo persoal para as diferentes actividades de aprendizaxe da lingua; facendo unha estimación das propias capacidades e utilizando as técnicas que mellor se correspondan co propio estilo de aprendizaxe.

Organizar o material de aprendizaxe: tendo os instrumentos de apoio necesarios (manuais, dicionarios, apuntamentos, etc.); elaborando un caderno de aprendizaxe con distintas seccións: vocabulario, erros máis frecuentes, modismos, etc.

Autoavaliar o propio proceso de aprendizaxe mediante a identificación das deficiencias e dos logros na realización das tarefas de aprendizaxe.

Utilizar recursos de aprendizaxe ao alcance: aproveitando a presenza de falantes nativos como modelos de novas estruturas ou expresións; buscando en internet máis información sobre un tema; ao traballar nun proxecto sobre un tema, facéndoo con quen pode ser de axuda no que respecta aos contidos ou á lingua; preguntando ao profesorado; traballando en e-tandem.

Estratexias cognitivas.

Estas estratexias operan directamente sobre a nova información, manipulando e transformando a lingua obxecto de aprendizaxe. Son modalidades de traballo intelectual que permiten adquirir, codificar e recuperar a información. Son moi variadas e van desde o uso de técnicas de agrupamento de ideas ou conceptos á repetición para practicar a nova lingua ou asociar a información nova cos coñecementos previos. Son tamén estratexias cognitivas o resumo, as inferencias, a tradución e a toma de notas. Estas últimas forman parte explícita dos obxectivos e dos criterios de avaliación establecidos para este nivel avanzado.

Referidas á práctica da lingua: repetir; recoñecer e usar modelos de lingua, etc.

Referidas á recepción e produción de lingua: buscar rapidamente as ideas; utilizar recursos como dicionarios; relacionar a información nova cos coñecementos previos.

Referidas á análise e razoamento: deducir; establecer relacións entre as linguas coñecidas; elaborar hipóteses de significado.

Referidas á creación da estrutura necesaria para comprender e producir lingua: tomar notas; resumir.

Referidas á memorización: agrupar palabras, utilizar imaxes para lembrar; representar sons, etc.

2.5.3.2 Estratexias de comunicación

Permiten mobilizar e equilibrar os propios recursos, poñer en funcionamento destrezas e procedementos co fin de satisfacer eficazmente as demandas de comunicación xeradas pola situación de comunicación. A súa finalidade consiste en permitir establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos de que se dispón.

Planificación.

Activar ou procurarse coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos e as persoas: tomar notas sobre os intereses e os coñecementos previos dos destinatarios. Elaborar unha relación de vocabulario e estruturas. Reunir os propios coñecementos e

pensamentos. Informarse de se hai axudas visuais: diagramas, imaxes, modelos.

Tomar consciencia do propio interese e do interese do interlocutor: tomar consciencia de que e canto se quere comprender: (só o contido principal, informacións específicas ou informacións polo miúdo); do que se quere dicir ou escribir, e de con canto detalle; do que o/a interlocutor/a xa podería saber ou do que podería non saber; do que lle podería interesar ou non interesar ao interlocutor e do que podería ser coñecido por todos.

Dispor informacións e recursos de apoio, e dotar os contidos dunha estrutura previa: ordenar os contidos. Preparar listas de vocabulario propias relacionadas cun tema específico (especialidade) ou dicionarios especializados. Revisar e completar notas. Marcar palabras clave e estruturas gramaticais relacionadas cun tema nunha mostra textual.

Adaptar a tarefa ás competencias lingüísticas e persoais, e mais á situación: planificar como se poden expresar os contidos principais cos medios lingüísticos dispoñibles. Aumentar a dificultade dunha tarefa cando existen suficientes informacións e recursos á disposición.

Activar esquemas textuais/elaborar un borrador de estrutura textual: lembrar posibles tipos de textos. Seleccionar fórmulas lingüísticas (por exemplo, a cabeceira nunha carta).

Repetición e práctica: practicar e experimentar con novas expresións e combinacións de expresións e solicitar unha información sobre a súa idoneidade.

Recoñecer as posibles dificultades de comprensión: pensar que factores de distorsión se poderían dar. Informarse sobre a velocidade que cabería esperar dun narrador e sobre a densidade informativa que cabería esperar dun texto. Pensar na propia lingua que vocabulario podería ser importante.

Execución, control, reparación.

Construír a partir do coñecemento existente: utilizar regras lingüísticas, expresións e xiros coñecidos. Procurar palabras e xiros coñecidos. Desenvolver un tema cando este é coñecido polo interlocutor. Comparar cos propios coñecementos e coas propias experiencias.

Utilizar os recursos de apoio dispoñibles: consultar a ortografía correcta nun dicionario. Consultar regras de gramática. Utilizar modelos.

Estruturar contidos/textos: organizar cronoloxicamente elementos. Ilustrar enunciados complexos con exemplos. Marcar parágrafos. Parafrasear ou resumir puntos importantes de determinados parágrafos ou fragmentos de textos. Ter en conta signos de puntuación e outros

signos de división e cohesión textual. Utilizar signos de puntuación e outros signos de división e cohesión textual.

Estruturar conversas: dirixirse a alguén. Facer uso da palabra mediante avisos oportunos. Manterse no uso da palabra mediante o recheo de pausas ou a utilización de recursos explícitos. Evitar redundancias. Formular enunciados como preguntas e viceversa. Acabar a conversa.

Cooperación: aterse ás convencións en materia de cortesía. Ceder a palabra. Relacionar o expresado por un mesmo co expresado por outro. Remitirse ao expresado por outros. Focalizar o tema. Manter o contacto visual. Sinalar que se comprende. Introducir outros nunha conversa.

Compensación e evitación: parafrasear palabras descoñecidas con palabras coñecidas máis sinxelas. Utilizar un concepto xenérico ou unha palabra semanticamente emparentada. Botar man de palabras baleiras, como por exemplo «cousa». Explicar un concepto. Utilizar a linguaxe corporal. Evitar palabras difíciles.

Identificar/deducir indicacións: comprobar indicacións no contexto. Prestar atención aos puntos centrais. Deducir palabras descoñecidas das regras de composición e do contexto. Prestar atención aos elementos non verbais.

Sacar conclusións e facer predicións: facer hipóteses utilizando imaxes, gráficos e fotografías. Establecer hipóteses sobre o contido utilizando informacións paratextuais e paralingüísticas. Deducir e anticipar posicións, intencións e estados de ánimo en relación co que segue no texto, utilizando o contexto e signos gramaticais e léxicos. Sacar conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade. Deducir intencións baseándose no volume da voz do falante. Anticipar o que segue (palabra, frase, resposta,...). Adiviñar o que non se comprende e o que non se coñece e utilizando os propios coñecementos e experiencias.

Asegurar a comprensión: repetir o comprendido. Preguntar se se di do xeito que un pensa. Prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor. Informarse sobre se o comprenderon. Remitirse a outras partes do texto (por exemplo, ler unha vez máis o parágrafo anterior).

Pedir aclaración/aclarar: solicitar repetición ou maior precisión. Pedir que expliquen unha palabra clave. Dicir que non se entendeu algo. Preguntar.

Solicitar axuda: pedir confirmación sobre se unha forma utilizada é correcta. Pedirlle unha explicación a alguén. Pedirlle a alguén unha tradución.

Controlar: prestar atención ás reaccións mímicas e xestuais do interlocutor. Ter en conta as reaccións lingüísticas do interlocutor. Verificar as propias hipóteses. Observar a actitude do interlocutor. Volver a ler ou escoitar un texto tendo en conta determinados aspectos.

Experimentar: utilizar unha palabra ou estrutura nova. Utilizar outra canle, por exemplo escribir un correo electrónico en lugar de facer unha chamada telefónica.

Reparar: comezar de novo a frase. Formular outra vez a frase con locucións como «en realidade quería dicir...». Repetir unha palabra correctamente. Pedir desculpas. Aclarar malentendidos.

2.5.4 Contidos tratados con material complementario

Todos os contidos presentes no curriculum de nivel básico que non aparecen na secuenciación detallada do libro de texto anteriormente exposta, serán vistos con materiais complementarios e de apoio. No apartado correspondente desta programación didáctica se elencarán ditos materiais.

2.6 Avanzado 2.....

2.6.1 Competencias comunicativas.....

2.6.1.1 Competencias lingüísticas.....

a. Contidos léxicos-semánticos

1º cuadrimestre

Unidad 15:

- Política e sociedade: Modas e tendencias sociais
- Educación: Sistema educativo. Innovacións. Problemas e conflitos
- Actividades artísticas: Cine e teatro.
- Información e medios de comunicación: Prensa escrita- Televisión e radio. Internet.
- Relacións humanas e sociais: Actitudes e formas de comportarse.
- Traballo: Profesións e cargos. Lugares, ferramentas e roupa de traballo. Dereitos e obrigas laborais. Conflitos no traballo.

Unidad 16:

- Traballo: Profesións e cargos. Lugares, ferramentas e roupa de traballo. Tarefas que se desenvolven no traballo. Desemprego e busca de traballo. Condicións laborais. Dereitos e obrigas laborais. Conflitos no traballo. Organizacións e asociacións laborais.
- Ciencia e tecnoloxía: Tecnoloxías da información e da comunicación.
- Relacións humanas e sociais: Actitudes e formas de comportarse.

Unidad 17:

- Identificación persoal: Datos persoais. Títulos e tratamentos. Actividade profesional e ocupación. Documentación. Biografía: etapas da vida.

Sentimentos e estados de ánimo. Sensacións e percepcións físicas. Valores persoais. Gustos e centros de interese

- Actividades artísticas: Literatura.

2º cuadrimestre

Unidad 18:

- Educación: Sistema educativo. Innovacións.
- Información e medios de comunicación: Prensa escrita. Televisión e radio. Internet.
- Política e sociedade: Intitucións. Sistemas políticos e de goberno. Modas e tendencias sociais.

Unidad 19:

- Educación: Sistema educativo. Innovacións. Problemas e conflitos
- Actividades artísticas: Cine e teatro. Literatura.
- Información e medios de comunicación: Prensa escrita- Televisión e radio. Internet.
- Relacións humanas e sociais: Actitudes e formas de comportarse.
- Política e sociedade: Modas e tendencias sociais.

Unidad 20:

- Política e sociedade: Formas de goberno. Intitucións. Sistemas políticos e de goberno. Conflitos e movementos sociais. Xustiza. Modas e tendencias sociais.
- Relacións humanas e sociais: A familia. Celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos. Actitudes e formas de comportarse. Asociacións.
- Actividades artísticas: Cine.

Unidad 21:

- Política e sociedade: Intitucións. Sistemas políticos e de goberno. Conflitos e movementos sociais. Modas e tendencias sociais.
- Relacións humanas e sociais: A familia. Celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos. Actitudes e formas de comportarse. Asociacións.
- Actividades artísticas: Cine e teatro. Música e danza.

b. Contidos ortográficos

1º cuadrimestre

Unidad 15:

Os modos indefinidos (parte 2): el infinitivo, o participio presente e pasado, o xerundio simple e composto.

Os verbos pronominais.

Ma e macché.

Colocación cos verbos *dare, avere, ritenere, costare, ribaltare.*

Unidad 16:

Construccións desempersoalizantes: o *si*, o pasivo, os verbos impersoais, os suxetos xenéricos (*tu, uno...*).

Artigo determinativo e indeterminativo.

Omisión do artigo.
O termo *look* e sus sinónimos.
Sinónimos.

Unidad 17:

O discurso indirecto (parte 2): posterioridade, o discurso indirecto coa frase principal ao condicional, interrogativa indirecta.

Concordancias: posterioridade.

A omisión da conxunción *che*.

Insomma.

Colocación cos verbos *protenedere* e *oltrepassare*.

Uso dos sintagmas *male*, *in gamba*, *a braccia*, *in piedi*.

2º quadrimestre

Unidad 18:

A negación e o *non* pleonástico.

Os tics lingüísticos *piuttosto che*, *quant'altro*, *come dire*, *un attimino*, *tra virgolette*, *praticamente*, *insomma*, *eccetera*.

O “burocratese” (estratexias de simplificación do italiano burocrático).

Metáforas.

Colocacións cos verbos *essere*, *usare*, *farsi*, *buttare*, *sudare*, *fare*.

Finché / finché non.

A frase pseudopartida (registro familiar).

O ritmo e a intonación.

Unidad 19:

O período ipotético (parte 1): hipótesis no presente.

A construción *fare* + infinitivo.

Elección do significado máis apropiado de unha palabra.

Unidad 20:

O período ipotético (parte 2): hipótesis no pasado.

Concordancias: o condicional co subxuntivo.

Estilo da exposición oral: nivel expresivo, de accuratezza e de complexidade do discurso.

Unidad 21:

Adxetivos e pronomes indefinitos.

Nexos correlativos.

Dislocación do subxuntivo.

Significado das expresións *pur*, *appunto*, *man mano*, *assai*, *anzi*, *a tale proposito*.

Varios significados de *addirittura*.

c. Contidos ortográficos

Veremos estes contidos a través das tarefas de expresión escrita que se fan ao longo do curso, consolidando todas as estruturas traballadas nos niveis anteriores.

(revisión e afondamento dos contidos vistos nos niveis precedentes)

O alfabeto/os caracteres.

Representación gráfica de fonemas e sons.

Ortografía de palabras estranxeiras.

Uso dos caracteres nas súas diversas formas (maiúsculas, minúsculas, cursiva, etc.).

Signos ortográficos (acento, apóstrofo, fiérese, guión, etc.).

División das palabras ó final da liña. Estrutura silábica.

d. Contidos fonéticos

(revisión e afondamento dos contidos vistos nos niveis precedentes)

Sons e fonemas vocálicos e as súas combinacións

Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións

Procesos fonolóxicos (enxordecemento, sonorización, asimilación, elisión, palatalización, nasalización, epéntese, alternancia vocálica, etc.).

Pronunciación de palabras: *raddoppiamento fonosintattico* (*a casa /a'kkaza/*)

Acento fónico / tonal dos elementos léxicos illados.

Acentos e variedades: capacidade de recoñecer indicadores lingüísticos de procedencia xeográfica, grupo profesional, social, xeracional. Estes indicadores poden ser de: acento, aspectos paralingüísticos ou linguaxe corporal.

Acento e atonicidade / patróns tonais no sintagma e na oración.

A entoación como un recurso de cohesión do texto oral: *eh* (entoación descendente) *allora vieni eh?*

Interrogativas retóricas.

2.6.1.2 Competencia sociolingüística

Os contidos propios da competencia sociolingüística do Avanzado 2 retoman os desenvoltos ao longo do Avanzado 1, segundo un proceso de revisión e afondamento.

2.6.1.3 Competencias pragmáticas

As competencias pragmáticas refírense ao coñecemento que posúe o alumno ou a alumna dos principios segundo os cales as mensaxes se organizan, se estruturan e se ordenan para realizar funcións comunicativas.

a. Contidos funcionais.

Os contidos funcionais do Avanzado 2 corresponden aos contidos presentados no Avanzado 1 e trataranse de acordo cos obxectivos propios do nivel, aplicando un proceso costante de revisión e afondamento.

b. Contidos discursivos.

Os contidos discursivos do Avanzado 2 corresponden aos contidos presentados no Avanzado 1 e trataranse de acordo cos obxectivos propios do nivel, aplicando un proceso constante de revisión e afondamento.

Parte oral

Cancións (tutte le unità).

Conversas á cara e en grupo: formais e informais, transaccionais (U15, U18).

Entrevistas laborais, académicas, médicas, xornalísticas (U16, U17, U20).

Representacións teatrais (U19).

Textos audiovisuais: películas, programas de TV ou de radio, noticias, informativos, documentais, material gravado (U15, U16, U20).

Textos humorísticos: chistes, etc. (U15, U19).

Parte escrita

Anuncios publicitarios (en valose paneis, na prensa escrita, internet, etc.) e anuncios por palabras (U16).

Biografías (U16, U17, U19, U21).

Cómics e tiras cómicas (U20).

Correspondencia persoal e formal (cartas comerciais, reclamacións, pedidos, fax, mensaxes electrónicas, invitacións, felicitacións, condolencias, agradecemento, excusa, etc.) (TUTTE LE UNITÀ).

Currículo (U16).

Dicionarios e tesaurus. Dicionarios monolingües (TUTTE LE UNITÀ).

Documentos oficiais ou legais (formularios, impresos, instancias, avisos, denuncia, solicitude, reclamación, recurso, citación...) (U18).

Libros de texto (TUTTE LE UNITÀ).

Manuais de instrucións e prospectos.

Mensaxes en foros virtuais, blogs, etc.

Recensións en xornais e revistas (U20).

Regulamentos e instrucións públicas (U18).

Textos humorísticos: chistes, etc. (U15, U18).

Textos literarios (contos, relatos breves, novelas, poemas, obras teatrais) (U19).

Textos xornalísticos (noticias, reportaxes, crónicas, cartas ao director, artigos de opinión, editoriais, necrolóxicas, recensións, entrevistas) (U16, U17, U18, U19, U21).

2.6.2 Competencia sociocultural

Dado que as actividades comunicativas se integran dentro dun contexto sociocultural, as alumnas e os alumnos deben adquirir un coñecemento da sociedade, da mentalidade e da cultura dos países e territorios en que se fala o idioma obxecto de estudo. De todos é sabido que a ausencia de competencia sociocultural pode distorsionar a comunicación. O desenvolvemento destes contidos enmarcarase nunha perspectiva intercultural. Terán que ser adaptados ás circunstancias socioculturais específicas de cada lingua, e o léxico e as estruturas utilizados para os desenvolver adecuaranse aos

obxectivos do nivel, xa que os contidos socioculturais do Avanzado 2 corresponden a aqueles presentados no Avanzado 1.

2.6.3 Competencias estratéxicas

A competencia estratéxica pon en marcha os procesos cognitivos que posibilitan o desenvolvemento da capacidade de aprender autonomamente e da capacidade de uso eficaz da lingua dela resultante, que leva consigo a superación das dificultades que poidan xurdir ao longo da comunicación. Cómpre axudar o alumnado a comprender a importancia de establecer esta competencia como base para o desenvolvemento da competencia comunicativa e para dirixir a propia aprendizaxe de forma consciente e autónoma. Forman parte da competencia estratéxica as diferentes estratexias de aprendizaxe e de comunicación indicadas no apartado das competencias estratéxicas de Avanzado 1.

2.6.4 Contidos tratados con material complementario

Todos os contidos presentes no curriculum de nivel básico que non aparecen na secuenciación detallada do libro de texto anteriormente exposta, serán vistos con materiais complementarios e de apoio. No apartado correspondente desta programación didáctica se elencarán ditos materiais.

3. Avaliación

3.1 Criterios de avaliación

3.1.1 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Básico 1

Para poder acceder ao nivel básico 2 as alumnas e os alumnos demostrarán, nas condicións que determine a Administración, que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

Comprensión oral

Comprender fórmulas básicas de contacto social, como saúdos, despedidas, desculpas e agradecementos, identificando a intención de comunicación e a relación de formalidade entre os interlocutores.

Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos, e relativas ao traballo, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos (teléfono, televisión, radio, etc.), e articuladas amodo, utilizando frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.

Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves, sempre que poidan ser repetidas.

Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que conteñan conversas, narracións e/ou descrições emitidas mediante estruturas e léxico moi básico, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.

Utilizar estratexias de comprensión para superar as limitacións que se encontren na comprensión da mensaxe, mediante claves identificadas no contexto lingüístico e non lingüístico.

Expresión e interacción oral

Establecer contactos sociais moi básicos de xeito intelixible sempre que o interlocutor colabore utilizando un discurso claro e lento e que repita o que non se comprende.

Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo e sobre outras persoas usando un repertorio básico de palabras e frases illadas, e facéndose comprender aínda que o interlocutor necesite repeticións e aclaracións.

Formular invitacións e realizar propostas moi sinxelas, reaccionando adecuadamente a elas, se se lle fala con xeito e con claridade, e usando estruturas lingüísticas sinxelas dentro dun repertorio aprendido.

Comprender e dar instrucións e indicacións moi breves e sinxelas se se formulan amodo e articuladas claramente, e reaccionar adecuadamente ante elas, aínda que sexan necesarias repeticións e aclaracións e se teña que recorrer ao uso de estratexias paralingüísticas.

Comunicarse en conversas sinxelas que requiran o intercambio de experiencias persoais e de actividades cotiás e de necesidade inmediata mediante frases memorizadas, breves e illadas, facéndose comprender aínda que se fagan pausas para buscar as expresións e as palabras menos habituais, sendo capaz de utilizar as estratexias que lle permitan garantir a comunicación.

Expresar brevemente e de xeito comprensible sentimentos e sensacións físicas frecuentes empregando un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas, e podendo axudarse de accións non lingüísticas discretas e axeitadas.

Seguir unha breve exposición sinxela sobre un tema cotián, articulada de forma lenta e clara, entendendo o suficiente para poder pedir aclaracións e repeticións que aseguren a comprensión das ideas principais.

Comprensión de lectura

Comprender a información esencial, e os puntos principais ou detalles relevantes en textos breves, de estrutura sinxela, que conteñan información persoal básica propia e doutras persoas.

Comprender mensaxes breves e sinxelas que conteñan instrucións, indicacións e información básica referida a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.

Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, se é o caso, en parágrafos curtos relacionados con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.

Comprender a información esencial de correspondencia persoal moi breve e sinxela en papel ou soporte dixital.

Comprender textos escritos sinxelos superando as dificultades lingüísticas mediante a extrapolación de significados utilizando estratexias lingüísticas e non lingüísticas.

Expresión e interacción escrita

Completar textos escritos en papel ou soporte dixital nos que se solicita información básica sobre a identificación persoal.

Escribir notas e mensaxes moi breves e sinxelas relativas a necesidades inmediatas.

Escribir textos con información, instrucións e indicacións moi básicas e breves relacionadas con actividades cotiás ou de inmediata necesidade.

Escribir, a partir dun modelo, correspondencia persoal moi breve e sinxela sobre temas da vida cotiá ou de inmediata necesidade.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes seguindo textos modelo.

3.1.2 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Básico 2

Ao final do básico 2, as alumnas e os alumnos deberán demostrar, nas condicións que determine a Administración, que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

Comprensión oral

Comprender o sentido global de conversas que aborden temas básicos cotiás, se se fala amodo e con claridade utilizando expresións e palabras habituais do tema en cuestión, e identificar un cambio de tema.

Comprender transaccións e xestións básicas sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

Comprender a información esencial de textos gravados breves, así como conversas telefónicas, sobre temas previsible e básicos, sempre que non haxa distorsión do son e se poidan pedir, se é o caso, repeticións e aclaracións, ou escoitalos máis dunha vez.

Comprender os puntos principais e os detalles relevantes en mensaxes e anuncios públicos, transmitidos por medios técnicos ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información relativa a situacións de necesidade inmediata.

Comprender textos sinxelos nos que soliciten ou dean información sobre feitos pasados, que contén anécdotas ou relaten experiencias persoais cotiás, cun repertorio de léxico e estruturas de carácter básico e sinxelo, identificando funcións de comunicación variadas e captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia, sempre que se fale lentamente e nunha linguaxe estándar.

Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas sinxelas, articuladas con xeito e con claridade, que se refiran a temas habituais e coñecidos.

Comprender o sentido xeral e identificar a información esencial de textos audiovisuais como partes meteorolóxicos ou informativos, emitidos con pronuncia clara e pausada, e cando os comentarios contén co apoio de imaxes de carácter redundante.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión sen limitarse aos coñecementos lingüísticos que se poidan posuír e recorrendo aos indicios do texto, aos coñecementos sobre o tema e á información que subministran os demais compoñentes da situación de comunicación.

Expresión e interacción oral

Desenvolverse en intercambios sociais básicos utilizando fórmulas neutras e informais de saúdo e despedida, de estrutura sinxela, realizando e respondendo a invitacións e suxestións.

Participar en conversas con intencións comunicativas básicas diversas facéndose entender, utilizando estratexias axeitadas para poder iniciar, manter e rematar o diálogo, producindo un discurso comprensible con expresións básicas e adecuado ás características da situación de comunicación.

Desenvolverse nunha entrevista e en transaccións e xestións cotiás facéndose entender e intercambiando a información pertinente se se fala con lentitude e claridade.

Producir un texto oral breve e sinxelo no que se narra e se describe algo ou alguén mediante un repertorio básico de palabras, expresións e estruturas, utilizando un nivel elemental de coherencia e cohesión, cunha pronunciación clara e comprensible, aínda que teña que facer pausas para pensar o que vai dicir e recorrer a reformulacións.

Realizar presentacións breves, sinxelas e previamente ensaiadas, sobre temas habituais e coñecidos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos oíntes, sempre que estes as repitan cando se lles solicite e axuden coas súas respostas falando claro e amodo.

Intercambiar opinións sobre un tema coñecido mediante a expresión do coñecemento, a opinión, e a crenza, mediante fórmulas básicas e expresións frecuentes memorizadas, usando estruturas sintácticas e grupos de palabras básicos.

Expoñer plans ou facer hipóteses de forma breve, sinxela e comprensible, en conversas informais sobre asuntos cotiáns.

Desenvolverse nas relacións sociais reaccionando coa expresión de actitudes e sentimentos de contento, satisfacción, decepción, interese, desinterese, esperanza, preferencia, admiración, sorpresa e tristeza, con expresións sinxelas e habituais, e respectando as normas de cortesía.

Expresarse intelixiblemente e solicitar a colaboración do interlocutor e responder igualmente á petición deste para asegurar a comprensión e o mantemento da comunicación.

Comprensión de lectura

Comprender instrucións, indicacións e información básica en lugares dos ámbitos público e de estudo, así como en páxinas web de estrutura moi sinxela, que contén con apoio visual.

Identificar información relevante en textos narrativos, argumentativos e descritivos, breves e sinxelos; textos que presenten unha secuencia lineal de elementos, publicados en medios de información, e que traten temas moi coñecidos ou relacionados coa súa experiencia e interese.

Comprender correspondencia persoal breve en papel ou soporte dixital, redactada en lingua estándar e sinxela, que narre e describa acontecementos, sentimentos básicos ou desexos.

Comprender, de maneira suficiente, correspondencia formal para captar as informacións principais que conteña sobre cuestións básicas ou relacionadas co seu traballo.

Comprender o sentido global de textos auténticos, sinxelos, con ilustracións redundantes e de extensión limitada cuxo tema resulte predicible e familiar.

Expresión e interacción escrita

Dar información elemental sobre a actividade profesional, a formación, os hábitos e os intereses.

Escribir descricións moi breves e básicas de lugares, obxectos e persoas mediante frases e oracións sinxelas, e co léxico propio da descrición de características físicas e psicolóxicas elementais pero precisas.

Narrar de forma sinxela e breve feitos e experiencias, así como expoñer plans e presentar proxectos de xeito moi elemental e relacionados con temas cotiáns.

Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, na que se expresen sentimentos, opinións e actitudes.

Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizalos seguindo textos modelo.

Tamén se valorará o uso eficaz de materiais de consulta e autoaprendizaxe adecuados ao nivel (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, as novas tecnoloxías, etc.).

3.1.3 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Intermedio 1

Para poder acceder ao nivel intermedio 2 as alumnas e os alumnos demostrarán, nas condicións que determine a Administración, que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

Comprensión oral

Comprender a información esencial de conversas ou discusións articuladas con claridade, pausadamente e en lingua estándar, en que se traten temas cotiáns (necesidades materiais, sensacións físicas e sentimentos, opinións e experiencias persoais) relacionados co traballo, os estudos e o tempo de lecer.

Comprender, sen entrar en detalles, monólogos en conferencias e presentacións, sinxelos e non moi longos, sobre temas coñecidos, sempre que se desenvolvan en lingua estándar, cunha pronuncia clara e se fale amodo.

Captar as ideas principais e algún detalle específico de textos audiovisuais ou doutro material gravado sinxelo que traten temas coñecidos, cando se articulen con relativa lentitude e claridade, e identificar opinións e actitudes expresadas nunha linguaxe sen connotacións rexionais ou sociais.

Seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente sempre que a información técnica sexa sinxela e ordenada e se poida escoitar máis dunha vez.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, extrapolando do contexto lingüístico e non lingüístico o significado de termos descoñecidos e deducindo o significado das oracións.

Expresión e interacción oral

Iniciar, manter e finalizar, espontaneamente e con certa seguridade, conversas e discusións cara a cara, sobre temas cotiáns de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que se quere dicir.

Manifestar puntos de vista e opinións persoais expresando con amabilidade crenzas, opinións, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal e profesional, así como explicar proxectos sinxelos e solicitar as opinións e puntos de vista doutros, interaccionando con relativa fluidez e espontaneidade.

Desenvolverse nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá intercambiando e confirmando información con certo detalle e dando instrucións ou solucións para problemas prácticos, sempre que os seus interlocutores falen con claridade e se empregue unha lingua estándar.

Intercambiar información detallada de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares e acontecementos e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares, dentro do seu campo de interese, cun repertorio léxico adecuado.

Facer exposicións breves e ensaiadas con relativa fluidez e responder a preguntas sinxelas, en lingua estándar, que soliciten aclaracións ou ampliación da información.

Seguir unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.

Interactuar de maneira cooperativa, cunha relativa fluidez, con corrección suficiente e pronuncia claramente intelixible para poder ser comprendido, malia un forte acento estranxeiro..

Os intercambios comunicativos poderán presentar algunhas incorreccións sempre que non dificulten a eficacia da comunicación.

Comprensión de lectura

Localizar e comprender información relevante en textos sinxelos de uso cotián, redactados en lingua estándar e referidos a necesidades inmediatas tanto do ámbito persoal como do profesional ou público.

Comprender textos sinxelos con descrições de persoas, obxectos, lugares ou dos procesos máis comúns, que traten sobre temas relacionados co seu campo de interese, sempre que o léxico utilizado non sexa especializado.

Comprender o contido de correspondencia persoal usual que relate acontecementos ou describa sentimentos e desexos, en papel ou soporte dixital, en lingua estándar e nun rexistro informal.

Comprender instrucións técnicas sinxelas relativas a aparellos de uso habitual, escritas con claridade e presentadas coa axuda de soporte visual.

Recoñecer información xeral e detalles relevantes de artigos xornalísticos sinxelos en lingua estándar, como noticias, entrevistas, cartas ao director, reportaxes, etc., que traten temas coñecidos e ligados á cultura do idioma en cuestión e que estean ben estruturados, identificando o esquema narrativo e argumentativo malia que non comprenda todos os detalles.

Comprender o sentido global dos textos, mediante claves lingüísticas e non lingüísticas.

Expresión e interacción escrita

Escribir notas solicitando ou dando información de carácter inmediato e salientando os aspectos que lle resultan importantes.

Escribir textos narrativos e descritivos, sinxelos, coherentes e ben estruturados, sobre feitos e acontecementos concretos relativos a asuntos cotiáns ou sobre temas do seu campo de interese.

Escribir informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos habituais.

Tomar notas, facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conferencia breve en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

Resumir breves fragmentos de información de diversas fontes redactados en lingua estándar.

Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir limitando a mensaxe aos coñecementos que se posúen ou, se é o caso, aos medios dispoñibles.

Valorarase igualmente o uso eficaz de materiais de consulta e de autoaprendizaxe (dicionarios, gramáticas, libros de exercicios, recursos dixitais e on-line, etc.).

3.1.4 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Intermedio 2

Ao final do nivel intermedio 2, as alumnas e os alumnos deberán demostrar, nas condicións que determine a Administración, que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

Comprensión oral

Identificar o sentido xeral e os detalles específicos de conversas e discusións informais sobre temas cotiáns ou relacionados co traballo, desenvolvidas cunha pronuncia clara, en lingua estándar e a velocidade media.

Comprender o necesario en conversas formais e reunións de traballo que versen sobre a súa especialidade, sempre que o tema lle resulte familiar e estea estruturado con claridade, se fale a unha velocidade normal e se eviten moitos usos idiomáticos.

Seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente sempre que se poidan escoitar máis dunha vez.

Seguir a información esencial dun debate longo, sempre que o discurso estea articulado con claridade e a velocidade media, en lingua estándar, nun rexistro formal que pode conter termos cultos de uso común e non especializados.

Comprender o contido da información da maioría dos textos audiovisuais ou material gravado que trate temas coñecidos ou de carácter previsible, articulados de forma relativamente lenta e clara.

Comprender películas e representacións teatrais, sempre que os elementos visuais e a acción conduzan gran parte do argumento e que se articulen con claridade e cun nivel de lingua sinxelo.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, utilizando claves lingüísticas e non lingüísticas.

Expresión e interacción oral

Iniciar, manter e rematar espontaneamente conversas e discusións sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, amosando unha certa seguridade, e comprendéndoas sen dificultade, se se fala en lingua estándar e cunha velocidade media.

Desenvolverse con relativa seguridade e fluidez en transaccións da vida cotiá, enfrontándose a situacións menos correntes, argumentando ou explicando o motivo dun problema se se ten a cooperación do interlocutor.

Intercambiar, en discusións formais e reunións de traballo, puntos de vista con precisión e relativa fluidez, ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal e con estruturas e léxico sinxelos pero adecuados á situación de comunicación.

Realizar, con facilidade e en lingua estándar, narracións, descrições e presentacións de experiencias, sentimentos e reaccións, acontecementos e contidos diversos, e expresar con razoable fluidez ideas e opinións sobre temas que excedan a vida cotiá.

Facer unha presentación breve e preparada sobre un tema coñecido ou do seu interese, en lingua estándar, clara e ben estruturada, salientando as ideas principais cunha precisión suficiente e respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias aínda que necesite repeticións.

Seguir unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, confirmando a información, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, tomando a iniciativa de cambio temático e tamén facéndolle comentarios ao interlocutor.

Interactuar de maneira cooperativa, cunha relativa fluidez, con corrección suficiente e pronuncia claramente intelixible para poder ser comprendido, malia o acento estranxeiro.

Comprensión de lectura

Localizar e comprender información específica en textos usuais de uso cotián, tanto do ámbito persoal como profesional ou público.

Recoñecer a liña argumental xeral de textos literarios contemporáneos breves e sinxelos e comprender textos dialogados breves en sketches teatrais ou guións, sempre que estean escritos en lingua estándar e que o léxico, amplo, non conteña demasiados usos idiomáticos.

Localizar e identificar información relevante para unha tarefa específica en diferentes textos extensos –en papel ou soporte dixital–, redactados en lingua estándar, que poden conter termos cultos usuais e non especializados.

Comprender instrucións sinxelas relativas a un aparello escritas con claridade en papel ou soporte dixital.

Identificar información relevante e as conclusións principais de textos informativos, narrativos e argumentativos, en papel ou soporte dixital, escritos con claridade en lingua estándar e que traten temas coñecidos ou de actualidade.

Comprender a información relevante dos textos, mediante claves lingüísticas e non lingüísticas.

Expresión e interacción escrita

Escribir correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas con razoable precisión, utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.

Resumir información de diversas fontes, así como parafrasear breves pasaxes utilizando a ordenación do texto orixinal.

Escribir textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, sobre temas tanto concretos como abstractos do seu campo de interese.

Escribir informes breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos comúns, dando o fundamento de determinadas accións.

Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir limitando a mensaxe aos coñecementos que se posúen ou, se é o caso, aos medios de que se dispón.

3.1.5 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Avanzado 1

Para poder acceder ao nivel avanzado 2 as alumnas e os alumnos demostrarán, nas condicións que determine a Administración, que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

Comprensión oral

Comprender a información principal de monólogos sostidos en conferencias, charlas, discursos e noutras formas de presentación pública, académica e profesional referidas a temas coñecidos, desenvolvidos mediante marcadores discursivos explícitos, articulados en lingua estándar, aínda que se deban

inferir significados pola presenza dalgunhas expresións idiomáticas pouco habituais.

Comprender cun grao razoábel de precisión e eficacia diferentes tipos de textos en lingua estándar sobre temas de actualidade emitidos pola radio ou a televisión, en películas, representacións teatrais e outros textos audiovisuais, sempre que conteñan elementos redundantes que faciliten a comprensión, estean producidos a un ritmo normal, en boas condicións acústicas, e poidan ser escoitados máis dunha vez.

Comprender con eficacia ao seu interlocutor en distintas situacións de comunicación nas que se fale a un ritmo normal en lingua estándar, cunha pronunciación clara e sobre temas dos ámbitos persoal, público, profesional e académico, aínda que lle custe algún esforzo ou teña que axudarse de preguntas para asegurar a comprensión.

Identificar con certa precisión informacións de carácter práctico e aplicación inmediata (avisos, mensaxes, instrucións, etc.) en situacións referidas a temas que resulten familiares nos ámbitos persoal, público, profesional e académico.

Utilizar estratexias para a comprensión das mensaxes orais.

Expresión e interacción oral

Realizar presentacións e declaracións, preparadas previamente, sobre temas xerais ou da súa especialidade, facendo descrições e expoñendo argumentos con claridade, razoando a favor ou refutando un punto de vista concreto, amosando as vantaxes e inconvenientes de varias opcións e aportando información a preguntas complementarias cun grao de fluidez e espontaneidade que non supoña tensión para os seus interlocutores.

Participar activamente en conversas formais e informais, explicando ou argumentando con claridade os seus puntos de vista, realizando comentarios adecuados sobre os puntos de vista doutras persoas, decantándose razoadamente por unha vía de entre varias propostas e destacando, se cumprise, a importancia persoal de certos feitos e experiencias.

Presentar brevemente e con claridade un tema, caso ou acontecemento, especulando sobre as causas e consecuencias e comparando as vantaxes e desvantaxes de diferentes enfoques, así como explicar un problema e indicar que se está disposto a facer concesións ou solicitalas sen molestar involuntariamente aos seus interlocutores.

Participar en entrevistas estruturadas, como entrevistador ou como entrevistado, sexa preparando e formulando adecuadamente as preguntas para obter a información, sexa mostrando un interese amable polo tema da entrevista e polo entrevistador, respondendo en forma completa ás preguntas, solicitando aclaracións, se é o caso, e pechando positivamente a entrevista.

Expresarse apropiadamente nun rexistro formal e informal adecuado ás diversas situacións de comunicación, seguindo as regras prosódicas – acento,

ritmo e entoación- propias do idioma de que se trate, con razoable fluidez, cunha pronunciación clara, con bastante control gramatical e precisión léxica, utilizando estratexias de cooperación na interacción e sen erros importantes de formulación.

Comprensión de lectura

Seguir instrucións de certa complexidade e extensión tanto do ámbito público como propio da especialidade, que conteñan conectores textuais de tempo, orde e explicación, e expresións da suxestión, do mandato ou da advertencia, e utilicen un léxico amplo, variado e preciso, aínda que sexa necesario reler e apoiarse para a comprensión en soportes visuais como debuxos, croquis, e outros.

Localizar información global e detallada, e distinguir entre feitos, opinións e recomendacións en textos propios de xornais, revistas, guías, páxinas web, novelas, etc. nunha lingua estándar ou nunha variedade de lingua próxima á estándar.

Comprender información esencial de cartas persoais, acordos, contratos, comunicados ou correspondencia institucional e comercial, correos electrónicos, etc. nos que aparezan queixas, reclamacións, peticións, concesións, que versen sobre temas xerais e da súa especialidade, e saber reaccionar adecuadamente distinguindo o rexistro máis formal do estándar.

Utilizar diferentes estratexias de lectura como a identificación do contido dun texto escrito coa axuda de elementos textuais e paratextuais (tipografía, deseño gráfico, imaxes...), o uso do contexto, de dicionarios ou a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que se coñecen.

Expresión e interacción escrita

Escribir textos (notas, cartas, reclamacións) nos que se solicite e transmita información, se transmitan emocións, se expliquen problemas, se manifesten puntos de vista ou se comuniquen noticias, salientando os aspectos relevantes ou a importancia persoal de feitos e experiencias, con suficiente claridade e adecuando o rexistro á situación de comunicación.

Resumir información de diversas fontes, tanto factuais como de ficción, que conteñan unha trama argumental ou secuencia de acontecementos.

Escribir reseñas de libros, películas, exposicións e outros eventos dando unha idea xeral deles e reflectindo a interpretación persoal e a valoración crítica.

Escribir textos informativos nos que se dea a coñecer a realidade e como ocorreron os feitos, describindo persoas, estados físicos ou anímicos, procesos, cambios ou sistemas ou narrando acontecementos seguindo a estrutura organizativa propia deste tipo de textos e con independencia da propia maneira de pensar ou de sentir.

Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para compoñer e revisar de xeito autónomo os propios textos.

3.1.6 Criterios de avaliación mínimos esixibles para Avanzado 2

Ao final do nivel avanzado 2, as alumnas e os alumnos deberán demostrar, nas condicións que determine a Administración, que posúen o grao de competencia comunicativa que se describe a seguir:

Comprensión oral

Comprender discursos e conferencias extensos, así como outras presentacións propias dos ámbitos público profesional e académico, seguindo incluso liñas argumentais complexas, sempre que o tema sexa relativamente coñecido, a organización do discurso inclúa marcadores discursivos explícitos e a súa secuencia estea claramente estruturada por parte do falante.

Comprender unha variedade ampla de textos audiovisuais: programas de radio ou de televisión, representacións teatrais e outros textos audiovisuais en lingua estándar, gravados ou retransmitidos por medios técnicos (radio, televisión, Internet, etc.), así como a maioría das películas; e identificar as opinións e as actitudes expresadas explicitamente polos falantes xunto co contido informativo ou factual do texto.

Seguir sen dificultade os pormenores do que se lle di directamente no contexto dunha interacción con falantes que empregan a lingua estándar, aínda que no ambiente haxa ruído de fondo.

Comprender con precisión textos que conteñan informacións de carácter práctico e aplicación inmediata (avisos, mensaxes, instrucións, etc.) en situacións diversas referidas aos ámbitos persoal, público, profesional e académico, mesmo con restriccións debidas condicións externas (ruídos, interferencias ou distorsións leves).

Expresión e interacción oral

Realizar presentacións e declaracións claras e detalladas, sobre unha ampla gama de temas xerais ou relacionados coa súa especialidade, aportando descrições e argumentos con claridade, precisión e axustando as conclusións ás cadeas argumentais, salientando adecuadamente os aspectos máis significativos e ofrecendo detalles relevantes que sosteñan a intervención, con notábel fluidez, e certa facilidade de expresión e sendo capaz de desviarse con naturalidade do texto preparado.

Participar activamente en conversas, discusións e debates extensos, sobre a maioría de temas xerais e da súa profesión, para intercambiar información complexa e consellos, expresar as súas ideas e opinións, presentando liñas argumentais con eficacia, especulando sobre causas e consecuencias e recapitulando o dito polos diferentes interlocutores.

Expoñer unha situación, explicar as súas ideas e propostas, convidando, se é o caso, as outras persoas a participar, e negociar desenvolvendo a súa argumentación mediante unha linguaxe persuasiva e establecendo con

claridade os límites de calquera concesión que se estea disposto a facer.

Participar en entrevistas, como entrevistador ou como entrevistado, sexa preparando e formulando adecuadamente as preguntas para obter a información máis oportuna e seguir un guiión flexible que, partindo dun esquema base, permita conseguir fluidez, e orientando a conversación de acordo co tipo de entrevistado, sexa mostrando un interese amable polo tema da entrevista e polo entrevistador, respondendo en forma completa ás preguntas, tomando a iniciativa, dando respostas relevantes e pechando positivamente a interacción.

Expresarse apropiadamente nun rexistro formal e informal adecuado ás diversas situacións de comunicación, respectando as regras prosódicas – acento, ritmo e entoación- propias do idioma de que se trate, con fluidez, cunha pronunciación clara e natural, cun bo control gramatical e precisión léxica, utilizando estratexias de cooperación na interacción e sen erros importantes de formulación.

Comprensión de lectura

Identificar e comprender detalles específicos de textos que conteñan instrucións longas e complexas relativas ao ámbito persoal, público, educativo e profesional, nas que se consideren condicións, advertencias, consecuencias e situacións hipotéticas, aínda que precise reler varias veces as pasaxes mais complexas.

Identificar información global e detallada en xornais, revistas, guías, páxinas web, prospectos, novelas, *cómics*, *blogs*, etc. nos que se adoptan posturas ou puntos de vista concretos perante acontecementos ou problemas, se especule sobre causas e efectos, se avalíen propostas alternativas e vantaxes e desvantaxes de varias opcións ou teorías.

Comprender información esencial e detalles relevantes en cartas, faxes, correos electrónicos, outras formas de interacción escrita nas que aparezan queixas, reclamacións, peticións, concesións, negociacións, citacións, etc. e que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade e saber reaccionar adecuadamente.

Localizar rápida e facilmente o significado esencial tanto en noticias breves como en artigos, informes, etc. extensos e complexos sobre temas concretos e abstractos e deducir a información máis relevante para levar a cabo as intencións comunicativas dunha tarefa que se lle solicite nos ámbitos persoal, público, profesional e educativo.

Expresión e interacción escrita

Escribir textos expositivos, explicativos e argumentativos nos que se desenvolvan argumentos, se comenten puntos de vista propios ou doutras persoas; ou se solicite ou transmita información salientando os aspectos que se consideran importantes e aportando detalles e exemplos adecuados e expresándose con concisión, precisión e adecuación.

Escribir cartas comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos e establecendo unha relación con puntos de vista doutras persoas; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servicios ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.

Redactar un informe claro e detallado sobre temas xerais ou relacionados coa súa especialidade expoñendo información e avaliándoa mediante argumentos a favor ou en contra, salientando os aspectos significativos, explicitando as vantaxes e inconvenientes de diferentes opcións e formulando propostas ou conclusións cunha linguaxe clara e persuasiva na que os problemas de intelixibilidade son pouco frecuentes.

Redactar textos que sinteticen outros textos destacando os aspectos mais importantes, organizando a información de forma xerárquica, salientando palabras clave e diferenciando entre ideas principais e secundarias, así como resumir fragmentos de noticias, entrevistas ou documentais que conteñan opinións, argumentos e análises.

Tomar notas con palabras clave, abreviaturas, esquemas, mapas semánticos, etc. que reflectan os aspectos máis importantes e as palabras clave daquilo do que se tomaron apuntes (unha declaración ou exposición de calquera ámbito social, ou durante o visionado dun documento ou acontecemento).

3.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

Segundo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2008, a avaliación do grao de dominio das diferentes destrezas realizarase mediante as seguintes modalidades.

Ao inicio de cada curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial ou de diagnóstico do alumnado que terá carácter informativo para este e orientador para o profesorado, que establecerá as medidas pedagóxicas adecuadas.

Xa que logo, o grao de dominio acadado nas diferentes destrezas será avaliado mediante os seguintes tipos de proba:

1. Proba parcial de progreso: os departamentos didácticos realizarán esta proba ao alumnado presencial en todos os cursos dos diferentes niveis. Esta proba farase, con carácter xeral, ao finalizar o primeiro cuatrimestre.
2. Proba final de promoción: nos cursos non terminais de nivel o alumnado realizará unha proba final global elaborada polo correspondente departamento, que avaliará o grao de consecución dos obxectivos do curso.
3. Proba terminal de certificación: nos cursos terminais de nivel o alumnado realizará unha proba que será común a todas as modalidades e réximes de ensino en cada escola, e na cal se avaliará o grao de consecución dos obxectivos do nivel.

O alumnado oficial presencial non poderá superar un número de faltas sen xustificar superior ao 20% das horas totais do curso. De facelo, nos cursos non finais de nivel perderá o dereito á que se teña en conta a cualificación da proba de progreso do mes de febreiro e á valoración da súa participación nas actividades lectivas. En todo caso, o alumnado terá dereito a realizar a proba final de promoción ou a terminal de certificación.

As probas estruturarase en catro partes: comprensión de lectura, comprensión oral, expresión e interacción escrita, e expresión e interacción oral. A mediación poderá integrarse nas tarefas correspondentes á expresión e interacción escrita e á expresión e interacción oral. O alumnado examinarase de todas as partes da proba e ningunha delas será considerada eliminatoria para a realización do resto delas. De non presentarse a algunha das partes da proba nas actas figurará a cualificación de non apto. As probas correspondentes á comprensión de lectura e comprensión oral basearanse en textos auténticos ou adaptados extraídos das diferentes fontes de comunicación oral ou escrita. A tipoloxía das tarefas deberá ser a apropiada para avaliar tanto a comprensión global como a comprensión de aspectos máis particulares de cada un dos textos. Na proba de expresión e interacción escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de expresión e interacción oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes. A cualificación da expresión e interacción escrita e da expresión e interacción oral das probas terminais de certificación, será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

3.2.1 Cursos non terminais (Básico1, Intermedio1; Avanzado1)

O propio departamento se encargará da elaboración, administración e corrección da proba parcial de progreso e da proba final de promoción, que terá carácter unificado para cada un dos diferentes cursos e serán corrixidas polo profesor ou profesora correspondente.

3.2.2 Cursos terminais (Básico 2, Intermedio 2 e Avanzado 2)

Para os niveis terminais, presentaranse dúas probas: unha proba parcial de progreso e unha proba terminal de certificación.

A proba parcial de progreso, que se realizará ao finalizar o primeiro cuatrimestre, terá unicamente valor orientativo para o alumnado e servirá ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica e da súa elaboración, administración e corrección se encargará o propio departamento

Pola súa parte, a proba terminal de certificación será común para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirá a obtención do certificado de nivel e o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior. O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma. A proba terminal de

certificación do nivel Básico será elaborada polos correspondentes departamentos didácticos seguindo as instrucións establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no correspondente documento de especificacións e permitirá a obtención do certificado de nivel e o acceso directo á ensinanza do nivel inmediatamente superior dos departamentos didácticos. As probas correspondentes aos niveis intermedio e avanzado serán elaboradas por equipos de redactores designados pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. Estas probas elaboraranse seguindo o correspondente documento de especificacións e irán acompañadas dos solucionarios correspondentes. A administración, corrección e cualificación da proba será responsabilidade dos departamentos didácticos. As probas terminais de certificación permitirán a obtención do certificado de nivel e, no caso dos niveis básico e intermedio, o acceso directo á ensinanza do nivel inmediatamente superior dos departamentos didácticos.

3.3. Criterios de cualificación

Segundo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2008, os criterios de cualificación dividense en dous: os criterios para os cursos non terminais de nivel e os criterios para os cursos terminais de nivel.

3.3.1 Cursos non terminais (Básico1, Intermedio1; Avanzado1)

A proba parcial de progreso realizarase ao finalizar o primeiro cuatrimestre e terá un valor porcentual do 30% respecto da cualificación final en cada unha das destrezas.

No mes de xuño celebrarase unha proba final de promoción que terá un valor porcentual do 70% respecto da cualificación final en cada unha das destrezas. No caso de que a cualificación da proba final de promoción sexa superior á da proba de progreso, prevalecerá aquela. Do mesmo xeito, esta proba final de promoción terá un valor de 100% para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua.

A proba final de promoción realizarase no mes de xuño en convocatoria ordinaria e no mes de setembro en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria de xuño. Esta proba extraordinaria realizarase nos primeiros dez días de setembro e terá un valor do 100% para todo o alumnado.

O departamento didáctico establecerán criterios para a valoración positiva do rendemento e a participación do alumnado na aula; a dita valoración en ningún caso poderá superar o 10% da cualificación final do curso.

Tanto a proba parcial de progreso como a proba final de promoción terán un valor de 100 puntos, e cada unha das súas catro partes 25 puntos. Para promocionar de curso dentro do mesmo nivel o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das destrezas. Non obstante, o alumnado promocionará de curso cando, non tendo superado unha das destrezas, acade un mínimo de 10 puntos nela e 60 puntos na totalidade da proba.

O alumnado que non promocióne deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as destrezas. Os resultados das cualificacións das ensinanzas de idiomas de réxime especial expresaranse non termos Apto ou Non apto na convocatoria de xuño e, se é o caso, na convocatoria extraordinaria Non presentado. No caso de obter cualificación de apto, este resultado irá seguido da escala numérica de 5 a 10 entre paréntese, sen decimais e figurará nas actas de avaliación final correspondente e no expediente académico do/a alumno/a.

3.3.2 Cursos terminais (Básico 2, Intermedio 2 e Avanzado 2)

A puntuación total da proba terminal de certificación para cada un dos niveis será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das destrezas. A cualificación outorgada ao alumnado será de apto, non apto ou, non presentado, segundo corresponda.

En calquera caso non poderá figurar Non presentado na avaliación ordinaria do alumnado presencial. O alumnado que non obteña a cualificación de apto nas probas terminais de certificación de nivel poderá solicitar unha certificación académica de ter alcanzado o dominio requirido nalgunha das destrezas que a proba avalíe.

A cualificación de apto na proba terminal de certificación do nivel avanzado permite o cierre do ciclos de estudos. De non obter a cualificación de apto en todas as destrezas na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as destrezas.

A proba terminal de certificación realizarase no mes de xuño en convocatoria ordinaria e no mes de setembro en convocatoria extraordinaria. Na convocatoria extraordinaria o alumnado só terá que examinarse das destrezas non superadas na convocatoria ordinaria. A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais establecerá anualmente as datas e horario, ao longo da primeira quincena de setembro, para a realización da proba de nivel intermedio.

Despois da avaliación resultante da proba de progreso, o/a profesor/a de cada grupo informará por escrito o alumnado sobre o seu aproveitamento académico. Ao remate da proba de certificación, informarase por escrito o alumnado, ou os seus representantes legais no caso de menores de idade, acerca dos resultados da avaliación final. A dita información incluírá, cando menos, as cualificacións obtidas nas distintas destrezas comunicativas cursadas e, se é o caso, á promoción ao curso seguinte.

O profesorado facilitará ao seu alumnado a revisión da proba parcial de progreso informándoo dos obxectivos acadados. O alumnado de todos os réximes e modalidades que estea en desacordo coa súa cualificación na proba terminal de certificación poderá presentar unha reclamación perante a dirección da escola oficial de idiomas no prazo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma. A reclamación terá que estar baseada nalgún dos seguintes aspectos: a) Inadecuación dos obxectivos,

contidos e criterios de avaliación da proba aos establecidos no currículo oficial e na programación didáctica do departamento correspondente. b) Incorrecta aplicación dos procedementos e instrumentos de avaliación e/ou dos criterios de cualificación establecidos para estas probas.

O alumnado oficial presencial non poderá superar un número de faltas sen xustificar superior ao 20% das horas totais do curso. En todo caso, o alumnado terá dereito a realizar a proba terminal de certificación.

Segundo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2008, os criterios de cualificación serán os seguintes:

4. Orientación metodolóxica

As ensinanzas de linguas parten dun modelo de lingua que ten unha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma. Trátase do enfoque orientado á acción que promulga o MECR e, na súa posta en práctica, terá como eixo principal tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación definidos neste currículo, tendo en conta as necesidades e intereses dos alumnos. Este enfoque metodolóxico posibilita que os alumnos e alumnas se impliquen no seu proceso de aprendizaxe mediante tarefas deseñadas en función dos obxectivos fixados para as diferentes destrezas que posibiliten a convivencia de distintos estilos de aprendizaxe.

A finalidade deste enfoque será a activación da variedade de procesos e habilidades necesarios para levar a cabo tarefas nas que se realizarán actividades de comprensión, expresión e interacción e que englobarán todos os compoñentes curriculares (os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e a avaliación). Non se trata de ver nas aulas os distintos contidos de forma illada, aínda que estes aparezan no currículo separadamente: estes serán integrados na realización das diferentes tarefas e actividades, para preservar en todo momento o sentido comunicativo no proceso de ensino-aprendizaxe.

O Departamento de Italiano considera, conforme ós criterios establecidos no Marco Común Europeo de Referenza, que os métodos a utilizar deben ser o máis eficaces para acadar os obxectivos acordados en función das necesidades comunicativas do alumnado.

O Departamento seguirá os seguintes enfoques metodolóxicos:

- ✓ exposición do alumnado a unha tipoloxía textual auténtica da lingua italiana, tanto oral canto escrita;
- ✓ participación directa en situacións comunicativas escolares e extraescolares, así como en tarefas elaboradas para o traballo na aula;
- ✓ fomento da autoaprendizaxe dirixida cara aos obxectivos empregando os medios dispoñibles.
- ✓ realización de actividades de reforzo, explicacións, presentacións e actividades de explotación sempre dirixidas ós obxectivos definidos;
- ✓ centralidade do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe na aula, sendo o profesor un catalizador do mesmo, encargado da presentación, animación e avaliación continua das actividades e de facilitar a sociabilidade, a comunicación entre o alumnado, a motivación cara á aprendizaxe.

A lingua italiana utilizarase ao máximo dentro das aulas, procurando que os alumnos se expresen en lingua italiana tan a miúdo como lles sexa posible.

O Departamento comprométese en todo momento a que exista unha forte cohesión entre o contido das clases e o que se esixirá posteriormente nos exames.

O obxectivo do Departamento é presentar ao alumno os contidos do programa dunha forma gradual e progresiva, á procura sempre da motivación dos estudantes, cuxas necesidades comunicativas se terán constantemente en conta.

5. Recursos didácticos

Na seguinte tabla recóllese a proposta de libros de textos do departamento de italiano, coa relativa división das unidades didácticas:

| CURSO | LIBRO | UNIDADES |
|---------------------|---|-----------------|
| Básico 1 | Bozzone Costa, Rosella, Ghezzi, Chiara e Piantoni, Monica, <i>Contatto 1</i> , Loescher, 2005, Torino | 1, 2, 3, 4, 5 |
| Básico 2 | Bozzone Costa, Rosella, Ghezzi, Chiara e Piantoni, Monica, <i>Contatto 1</i> , Loescher, 2005, Torino. | 6, 7, 8, 9, 10 |
| Intermedio 1 | Bozzone Costa, Rosella, Ghezzi, Chiara e Piantoni, Monica, <i>Contatto 2A</i> , Loescher, 2007, Torino. | 1, 2, 3, 4, 5 |
| Intermedio 2 | Bozzone Costa, Rosella, Ghezzi, Chiara e Piantoni, Monica, <i>Contatto 2A</i> , Loescher, 2007, Torino. + De Giuli, A., Guastalla, C., Naddeo, C. M., <i>Magari</i> , Alma Edizioni, 2008, Firenze. | 6 B1 |
| Avanzado 1 | De Giuli, A., Guastalla, C., Naddeo, C. M., <i>Magari</i> , Alma Edizioni, 2008, Firenze. | (B1) + B2 |
| Avanzado 2 | De Giuli, A., Guastalla, C., Naddeo, C. M., <i>Magari</i> , Alma Edizioni, 2008, Firenze. | B2 + (C1) |

Material complementario:

De maneira transversal e segundo as exixencias de cada curso, empregarase ademais material sacado dos manuais didácticos e dos recursos audiovisuais (Dvd, Cd, Internet, etc.) a disposición do departamento.

No noso centro dispoñemos de conexión á Internet fixa e inalámbrica, unha aula de audiovisuais que conta cunha pantalla dixital interactiva; un laboratorio de idiomas con conexión a Internet; unha aula de informática na que o alumnado poderá exercitar a autoaprendizaxe; unha biblioteca, onde poder atopar material variado e da que se aconsellará o uso a todo o alumnado.

Libros de lectura:

Os libros de lectura serán aconsellados polo/a profesor/a encargado/a de cada nivel.

6. Atención á diversidade

Perante a enorme diversidade polo que se refire a aspectos moi variados do alumnado nas EEOOI, resulta imprescindible identificar en cada grupo todas as diferencias e elaborar estratexias axeitadas para poder atendelas, xa que cómpre considerar “a diversidade das alumnas e dos alumnos como un principio e non como unha medida correspondente ás necesidades duns poucos” (Loe, Preámbulo). Entre outras poderanse usar as seguintes estratexias:

-a atención individualizada xa sexa nas aulas coma nas titorías que facilite a asunción de compromisos de aprendizaxe por parte do alumnado e lle proporcione as ferramentas necesarias para que se poida desenvolver cun ritmo de aprendizaxe personalizado e con maior autonomía;

-o uso das TIC coma ferramenta de autoaprendizaxe;

-actividades de apoio e reforzo segundo as diferentes necesidades nas diferentes situacións en cada momento.

Todo isto implica unha actitude positiva e realista cara ao alumnado e á súa potencialidade de aprendizaxe, co obxectivo de incrementar a motivación, a participación, os bos resultados e a autoestima.

É necesario sinalar que no caso de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo levarase a cabo unha adaptación de tempo e de medios nas probas de avaliación, segundo as indicacións da normativa vixente.

7. Actividades complementarias: Cf. Anexo I.

8. Actividades extraescolares

O Departamento de Italiano prevé realizar as seguintes actividades culturais:

- ✓ Actividades lúdicas e celebrativas como festivais gastronómicos o musicais, datas sinaladas, etc.
- ✓ Participación a actividades culturais que pertencen ao Proiecto europeo “Intercultural patcwork”, promovido pola Eoi de Ferrol.
- ✓ Participación a actividades culturais organizadas na cidade por entidades externas á Escola de idiomas (exposicións fotográficas, ciclos de cine, concertos, etc.)
- ✓

- ✓ Charlas-coloquios sobre temas de interés no ámbito da lingua e da cultura italiana, a cargo de personalidades invitadas a colaborar no seu momento co departamento.
- ✓ Viaxe cultural co alumnado.

9. Valoración e revisión da programación didáctica

Este departamento contará con dous procedementos principais para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado da programación didáctica. En primeiro lugar, as reunións periódicas de departamento coa frecuencia establecida legalmente e, a maiores, sempre que sexa necesario ou a petición de calquera dos membros do departamento. En segundo lugar, a memoria de final de curso será considerado como o momento axeitado para reflexionar e revisar todos os contidos presentes na programación. Todos os membros do departamento achegan a súa aportación á mesma.

10. Necesidades de formación do profesorado

Ao longo do curso deberanse identificar os ámbitos nos que pode ser necesaria a formación do profesorado do departamento. Na memoria anual do departamento de italiano deberán ir recollidas as necesidades de formación identificadas por cada un dos membros do departamento e os plans de formación que se considere oportuno propor. Por exemplo, algunha das necesidades podería ser a atención á diversidade ou o uso das tecnoloxías da información e da comunicación. O departamento transmitirá á dirección do centro o resultado da procura de necesidades específicas referidas a formación, de maneira que puideran chegar a materializarse en solicitudes concretas de actividades de formación no CFR correspondente, de xeito que estes poidan adecuar a súa oferta ás necesidades manifestadas polo profesorado e á súa dispoñibilidade horaria.

11. Bibliografía principal

ORDE do 8 de setembro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de idiomas de réxime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de setembro de 2008.

DECRETO 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio.

DECRETO 239/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo de nivel avanzado das ensinanzas de réxime especial de idiomas.

Ferrol, 15 de Outubro 2009-10-14

Visto e prace

Marco Delle Monache
O xefe de departamento

Roberta Maschi

María R. Rodríguez Rodríguez